DEPUTACIÓN DE LUGO

**ACTA XUNTA DE GOBERNO**

**SESIÓN ORDINARIA DE TRINTA E UN DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E SEIS**

**Presidenta:**
Dª. María del Carmen López Moreno

**Sres/as. Deputados/as:**
D. Efrén Castro Caloto
Dª. María del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
Dª. Iria Castro Fernández

**Secretaria:**
Dª. Leticia Rodríguez Díaz

**Interventora:**
Dª. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **trinta e un de xullo de dous mil vinte e seis**, baixo a Presidencia da titular do cargo Ilma. Sra. Dª. María del Carmen López Moreno, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria substituta a Secretaria-Interventora do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos Dª. Leticia Rodríguez Díaz, e asiste a Interventora Dª. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten o Sres. Deputados: D. Iván Castro Díaz e D. Carlos López López.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 1/117 |

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E CATRO DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.**

Por parte da Sra. Presidenta pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e catro de xullo de dous mil vinte e seis que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

**2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DO EQUIPAMENTO INDUSTRIAL DE COCIÑA COLECTIVA E ADAPTACIÓN COMPLETA DAS SÚAS INSTALACIÓNS NO CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE BECERREÁ.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación do expediente de contratación por lotes da subministración do equipamento industrial de cociña colectiva e adaptación completa das súas instalacións no Centro de Atención ás persoas maiores de Becerreá EXPEDIENTE Nº: 2026/CON_02/000068, consta no mesmo:

1. Orden de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7662SPLT6DLRF5WZIMMPR7MA[1].
2. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7662SLDYU5ZKZC44QSEZTSMM
3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV76SIAZJT743SUIA45B4FDFL4
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7666SNLRX5KTRLYYQ4C4DW6M
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7666S3CAX52T7JUB7DL4POPY
6. Fiscalización limitada previa do expediente con CSV: IV76663ZFN42575CUH5GELTCIE

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a contratación da subministración do equipamento industrial de cociña colectiva e adaptación completa das súas instalacións no Centro de Atención ás persoas maiores de Becerreá EXPEDIENTE Nº: 2026/CON_02/000068, cun prazo de execución de 5 meses, sen previsión de prórroga.

**2º.-** Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do

[1]Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 2/117 |

contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

**3º.-** Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio mediante a inserción do correspondente anuncio no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

**4º.-** Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 379.381,25 € ao que se aplicará un IVE de 79.670,06 €, o que fai un total de 459.051,31 € de acordo co seguinte desglose:".

| LOTE | Base impoñible | IVE (21%) | Importe Total IVE incluído |
|---|---|---|---|
| 1 | 365.045,63 € | 76.659,58 € | 441.705,21 € |
| 2 | 14.335,62 € | 3.010,48 € | 17.346,10 € |

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**3.- ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO MONOVOLUMEN DE 8 PRAZAS USADO PARA O PARQUE MÓBIL DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E A RECOLLIDA DOS VEHÍCULOS LAND ROVER DISCOVERY 2.5D E MITSHUBISHI OUTLANDER.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 24 de xullo de 2026, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 3/117 |

“ANTECEDENTES:
1. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV76UTIIDJW2LJJSSHU4GRDDEU[1].
2. Prego de prescricións técnicas, elaborado polo Parque Móbil Provincial, con CSV: IV76VWKT3MMZJTGKSQOU6NQDAI.
3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV76WSBOPP5OQVE3SXU4KRZ7GE.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV76WQHS34MDLHXNSIQNEEXPKU.
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV76WXIYCBBZRWXTCYECOBJR4Y.
6. Fiscalización limitada previa do expediente: IV76WXX3NDX3L3VPS7XWEAIGKY.
7. Proposta de Presidencia, con CSV: IV76W3A5YABIJDWIRVP4EHSSOE.
8. Acordo da Xunta de Goberno do 12 de xuño de 2026, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV76WGJS3EVM7GZPAVAAKRRDAI.
9. Anuncio de licitación publicado o 16 de xuño de 2026 na Plataforma de Contratos do Sector Público.
10. Acta da Mesa de Contratación celebrada o día 6 de xullo de 2026, con CSV IV76S6Y6ZAH4ZHGZZQHDOIARK4 , na que se recolle o seguinte:
(...) “Segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento son os seguintes:

| LICITADORES |
|---|
| DITRAM AUTOMOCIÓN, SLU |

Acto seguido procédese ao exame do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliables automaticamente mediante fórmulas matemáticas), cos seguintes resultados:

| LICITADOR: DITRAM AUTOMOCIÓN, SLU | | | | |
|---|---|---|---|---|
| OFERTA ECONÓMICA | PRAZO DE ENTREGA (máx. 20 días) | OFERTA RECOLLIDA MITSHUBISHI OUTLANDER | OFERTA RECOLLIDA LAND ROVER DISCOVERY | Caixa cambios >8 velocidades |
| 62.975,21 € | En 5 días | 1.000 € | 300 € | SI |

A empresa Ditram Automoción, SLU presenta a memoria descritiva, tal e como se indica no prego de prescricións técnicos aos efectos de verificar o cumprimento dos requisitos mínimos esixidos neste.
Acto seguido a Mesa de contratación procede a valorar a oferta outorgándolle a puntuación que lle corresponde segundo o que se indica no apartado K do cadro resumo do PCAP.

[1]Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 4/117 |

| LICITADOR: DITRAM AUTOMOCIÓN, SLU | | | | |
|---|---|---|---|---|
| PUNTUACIÓN | | | | |
| OFERTA ECONÓMICA | PRAZO DE ENTREGA (máx. 20 días) | OFERTA RECOLLIDA MITSHUBISHI OUTLANDER | OFERTA RECOLLIDA LAND ROVER DISCOVERY | Caixa cambios >8 velocidades |
| 70 | 20 | 0 | 0 | 5 |

Unha vez realizada a comprobación de que a proposta non está incursa en valores anormais ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, a Mesa de contratación, previo informe favorable do Parque Móbil, acorda por unanimidade:
1º.- Clasificar aos licitadores presentados, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación.

| Nº ORDE | LICITADORES | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|
| 1 | DITRAM AUTOMOCIÓN, SLU | 75 |

2º.- Requirir á empresa DITRAM AUTOMOCIÓN, SLU, para que, no prazo de SETE DÍAS HÁBILES, achegue a documentación relacionada na cláusula décimo sétima do PCAP, de conformidade co artigo 159.4 da LCSP, sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade".

| EMPRESA | IMPORTE DE ADXUDICACIÓN, SEN IVE | IMPORTE DA GARANTÍA DEFINITIVA 5% |
|---|---|---|
| DITRAM AUTOMOCIÓN, SLU, | 62.975,21 € | 3.148,76 € |

11. Notificación a través da Plataforma de Contratos do Sector Público o 14 de xullo de 2026, pola que se require a Ditram Automoción, S.L.U. para que achegue a documentación.
12. Documentación presentada pola empresa Ditram Automoción, S.L.U. a través da plataforma de contratación do sector público o 22/07/26 e da sede electrónica da Deputación de Lugo o 23/07/26, en prazo.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 24 de xullo de 2026, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público e da sede electrónica da Deputación de Lugo, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente. Incorpórase ao expediente certificado de alta no IAE, certificado da Recadación Provincial e carta de pago da garantía depositada.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 5/117 |

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa á celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

É preciso deixar constancia de que se detectou un erro no importe de adxudicación e no importe da garantía definitiva calculados na mesa de contratación do 6 de xullo de 2026, habéndoselle requirido a Ditram Automoción, S.L.U un importe de garantía menor ao que lle correspondería. Os importes correctos son os seguintes:

| EMPRESA | IMPORTE DE ADXUDICACIÓN, SEN IVE | IMPORTE DA GARANTÍA DEFINITIVA 5% |
|---|---|---|
| DITRAM AUTOMOCIÓN, SLU, | 76.200,00 € | 3.810,00 € |

Como xa está depositada a garantía por importe de 3.148, 76€ restaría por depositar a contía de 661,24 € a Ditram Automoción, SLU.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, ACORDA PROPOÑER que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa DITRAM AUTOMOCIÓN, SLU, condicionado á constitución efectiva do resto da garantía por importe de 661,24€, á contratación da subministración DUN VEHÍCULO MONOVOLUMEN DE 8 PRAZAS USADO PARA O PARQUE MÓBIL DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E A RECOLLIDA DOS VEHÍCULOS LAND ROVER DISCOVERY 2.5D E MITSHUBISHI OUTLANDER. Expediente: 2026/CON_02/000054, importe total de 76.200,00 €, ao que se aplicará un IVE do 0% o que fai un total de 76.200,00 €, aboando o importe de 1.000,00 € sen IVE pola recollida do MITSHUBISHI OUTLANDER con matrícula 8020-FSR e o importe de 300,00 € sen IVE do LAND ROVER DISCOVERY con matrícula LU-3257-N e os compromisos de:
- entregar o vehículo con caixa cambios >8 velocidades e
- de realizar a subministración e a recollida nun prazo de 5 días naturais.
O adxudicatario estará obrigado a realizar as operacións derivadas do cumprimento do contrato axustándose aos prazos e lugar de entrega/recollida indicados no Prego de prescricións técnicas (PPT).

2º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as 13:07 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico".

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte ACORDO:




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 6/117 |

**1º.-** Adxudicar á empresa DITRAM AUTOMOCIÓN, SLU, condicionado á constitución efectiva do resto da garantía por importe de 661,24€, á contratación da subministración DUN VEHÍCULO MONOVOLUMEN DE 8 PRAZAS USADO PARA O PARQUE MÓBIL DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E A RECOLLIDA DOS VEHÍCULOS LAND ROVER DISCOVERY 2.5D E MITSHUBISHI OUTLANDER. Expediente: 2026/CON_02/000054, importe total de 76.200,00 €, ao que se aplicará un IVE do 0% o que fai un total de 76.200,00 €, aboando o importe de 1.000,00 € sen IVE pola recollida do MITSHUBISHI OUTLANDER con matrícula 8020-FSR e o importe de 300,00 € sen IVE do LAND ROVER DISCOVERY con matrícula LU-3257-N e os compromisos de:
- entregar o vehículo con caixa cambios >8 velocidades e
- de realizar a subministración e a recollida nun prazo de 5 días naturais.

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria 9201.634, do orzamento de gastos do 2026, polo importe relacionado, para a anualidade 2026.

**2º.-** O adxudicatario comprométese a entregar o vehículo monovolumen de 8 prazas usado nun prazo de 5 días naturais, coa retirada dos vehículos Land Rover Discovery 2.5d con matrícula LU-3257-N e Mitshubishi Outlander con matrícula 8020-FSR. Este prazo empezará a contar a partir da subscrición da acta de inicio, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato; salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

**3º.-** Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

**4º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

**5º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo aos interesados".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 7/117 |

**4.- APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN E DETERMINACIÓN DA INDEMNIZACIÓN DOS DANOS E PERXUÍZOS CAUSADOS EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN EX016OB20AB, OBRA DENOMINADA A PONTENOVA.- CENTRO DE ATENCIÓN A MAIORES (CAM).**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"I. Antecedentes de feito

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión de 14 de maio de 2021, aprobou o proxecto, o expediente de contratación, o procedemento, o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto da obra denominada A PONTENOVA.- Centro de Atención a Maiores (CAM). (EX016OB20AB)

Segundo.- A Xunta de Goberno adxudicou o contrato a Construcciones Jesús Naray, S.L. O 15 de outubro de 2021 por 1.977.569,00 euros, IVE incluído (base imponible de 1.797.790,00 euros e IVE do 10 por cento de 179.779,00 euros). A oferta incluíu unha redución de tres meses do prazo, fixándose un prazo total de execución de quince meses.

Terceiro.- O contrato formalizouse en documento administrativo o 23 de agosto de 2022 e o acta de comprobación da reformulación asinouse o 15 de setembro de 2022.

Cuarto.- Constan ampliacións do prazo ata o 15 de abril de 2024, o 15 de decembro de 2024 e, finalmente, o 15 de agosto de 2025, esta última unicamente para continuar as obras previstas no proxecto inicial. Non chegou a aprobarse o proxecto modificado polo órgano de contratación.

Quinto.- O contratista comunicou o 14 de xullo de 2025 a suspensión unilateral dos traballos. O informe do Servizo de Arquitectura apreciou incumprimento da obriga principal de executar correctamente a obra en prazo e de obrigas esenciais vinculadas á oferta, ademais de considerar inidónea a imposición de novas penalidades para acadar a finalidade contractual.

Sexto.- A Xunta de Goberno acordou o 5 de setembro de 2025 iniciar o procedemento de resolución por incumprimentos imputables ao contratista, consistentes no incumprimento de obrigas esenciais e da obriga principal, ao abeiro do artigo 211.1.f) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Sétimo.- O Consello Consultivo de Galicia emitiu o 28 de xaneiro de 2026 ditame favorable á resolución contractual, identificado con CVE jEQgUEsQMWG0.
Oitavo.- A Presidencia ditou resolución de data 29 de xaneiro de 2026 pola que se resolveu o contrato. A Xunta de Goberno ratificou dita resolución en sesión de 30 de xaneiro de 2026.




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 8/117 |

Noveno.- O importe aboado mediante certificacións ascende a 1.191.240,15 euros, IVE incluído. O saldo do prezo contractual que non fora aboado era de 786.328,85 euros, IVE incluído.

Décimo.- Da comprobación e medición recollida no informe técnico incorporado ao expediente resulta obra executada, conforme e pendente de aboamento por importe de 81.874,22 euros, IVE incluído.

Undécimo.- A garantía definitiva, por importe de 89.889,50 euros, foi incautada como efecto da resolución por incumprimento culpable do contratista.

Duodécimo.- Consta no expediente orzamento emitido pola Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) para rematar a obra por importe de 2.032.800,44 €.

II. Fundamentos xurídicos.

Primeiro. Competencia. A competencia para aprobar a liquidación corresponde á Xunta de Goberno, en virtude das delegacións que o Regulamento Orgánico Provincial atribúe en materia de contratación.
Así no artigo 59, apartado 12 do Regulamento establécese que "A competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente", engadindo o mesmo artigo in fine que a facultade de acordar unha indemnización de danos e perdas non será susceptible de delegación, en caso de nulidade, o que non resulta de aplicación, posto que a resolución neste caso é por incumprimento culpable do contratista, polo que as facultades delegadas en materia de contratación enténdese tamén outorgada á potestade de declarar para resolver o expediente indemnizatorio

Segundo. Liquidación do contrato de obras. O artigo 246.1 LCSP dispón que a resolución do contrato dá lugar á comprobación, medición e liquidación das obras realizadas consonte o proxecto, fixando os saldos a favor ou en contra do contratista e citándoo para asistir ao acto. No mesmo sentido, o artigo 172 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (RGLCAP), esixe constatar e medir o executado, especificar as unidades de recibo e fixar os saldos pertinentes. A tales efectos o día 24/02/2026 a Presidencia acordou remitir á unidade xestora o expediente, con obxecto de que por parte désta se procedese a fixar os saldos pertinentes a favor ou en contra do contratista e se proceda a cuantificar os danos e perdas ocasionados para a administración contratante no que exceda da garantía . Figura no expediente, informe da dirección de obra e informe técnico da responsable do contrato, no que se




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 9/117 |

recollen as medicións realizadas e a comparativa entre a medición real en marzo de 2026 e as certificacións remitidas polo adxudicatario informes con CSV: IV7RYCQ3HI5T5W54SEHQOAQPAY e IV7RYCXLFIUOLWES6QVTKYXUCE

Terceiro. Efectos do incumprimento culpable. Conforme ao artigo 213.3 LCSP, cando o contrato se resolve por incumprimento culpable do contratista se incauta a garantía e o contratista debe indemnizar os danos e perdas ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada. A garantía constitúe, polo tanto, o limiar cuberto; só procede unha reclamación adicional cando o dano total probado sexa superior a 89.889,50 euros.

Cuarto. Determinación contraditoria dos danos. O artigo 113 RGLCAP esixe que a determinación se efectúe mediante decisión motivada, previa audiencia do contratista, atendendo, entre outros factores, ao atraso do investimento e aos maiores gastos ocasionados á Administración. A indemnización non pode asentarse en importes hipotéticos: cada partida debe ser real, efectiva, avaliable, imputable ao incumprimento e apoiada por documentación.

Quinto. Relación entre liquidación e indemnización. O crédito do contratista por obra executada e de recibo non desaparece pola resolución culpable. Debe recoñecerse na liquidación. Distinta é a débeda indemnizatoria que, unha vez líquida, vencida e esixible, poderá ser obxecto de compensación conforme aos requisitos legais e orzamentarios aplicables. Non procede descontar de novo a garantía incautada do crédito de 81.874,22 euros, pois iso suporía contabilizar dúas veces un mesmo efecto económico.

Sexto. Saldo pendente non executado. Os 704.454,63 euros correspondentes a prestacións non executadas son o valor residual do contrato resolto aos seus prezos orixinais. Non son, por si mesmos, un dano. O dano por nova contratación será, unicamente o sobrecoste positivo e comparable que resulte de rematar o mesmo alcance de obra, máis os gastos adicionais acreditados que non se tivesen producido en unha execución normal. Neste caso limitámonos ao sobrecoste que resulta de rematar a obra, posto que non constan acreditados gastos adicionais.

Sétimo. Trámite de audiencia. Antes de aprobar a cuantificación final indemnizatoria deberá concederse audiencia a Construcciones Jesús Naray, S.L., ao administrador concursal e a SAVIA FINANCIACIÓN, S.A., poñendo de manifesto o expediente e os informes técnicos e económicos que sustentan cada partida, por un prazo de dez días hábiles, conforme o artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Oitavo. Doutrina xurisprudencial sobre os efectos do incumprimento. A Sentenza do Tribunal Supremo, Sala Terceira, de 10 de outubro de 2000 (recurso de casación 2613/1995; RJ 2000/8453), distingue as dúas vertentes da resolución contractual: se incumpre a Administración, debe resarcir as perdas causados ao contratista; se o incumprimento é imputable ao contratista, a Administración pode resolver, incautar a garantía e esixir a indemnización dos danos e perdas. A sentenza engade que, cando




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 10/117 |

as obras deben ser continuadas por outro empresario, procede formular a súa liquidación fixando os saldos a favor ou en contra do contratista. Esta doutrina resulta plenamente coherente cos actuais artigos 213.3 e 246 LCSP.

Noveno. Risco e ventura e responsabilidade por incumprimento. A Sentenza do Tribunal Supremo, Sala Terceira, de 28 de xuño de 2012, no seu fundamento xurídico sexto, declara que o principio de risco e ventura é compatible coa esixencia de indemnización polos danos derivados dun atraso contractual imputable á parte incumpridora. Aínda que aquel pronunciamento examinaba unha reclamación do contratista fronte á Administración, expresa unha regra bilateral: o risco empresarial ordinario non ampara nin neutraliza as consecuencias de un incumprimento contractual imputable. A mesma doutrina foi reiterada, entre outras, polas SSTS de 5 de febreiro de 2018 (Roj: STS 290/2018) e 10 de decembro de 2019.

Décimo. Realidade, efectividade e proba do dano. A STS de 1 de outubro de 2014 esixe que os danos reclamados sexan reais e consecuencia do feito determinante da indemnización, sen que abonden conxecturas, deducións ou estimacións abstractas. Deben singularizarse os desembolsos efectivamente realizados, acreditarse a súa adscrición á obra e achegarse a documentación que demostre o seu custo. Aplicada ao presente expediente, esta doutrina obriga a comparar magnitudes homoxéneas, excluír melloras ou unidades alleas ao incumprimento e apoiar calquera gasto adicional mediante informes, facturas, contratos ou documentos contables que acrediten a súa necesidade e relación causal.

## III. Liquidación económica do contrato

| Concepto | Cálculo | Importe (IVE incluído) |
|---|---|---|
| Precio de adxudicación | Dato contractual | 1.977.569,00 € |
| Certificaciones xa aboadas | Dato contable | - 1.191.240,15 € |
| Saldo contractual sen abonar | 1.977.569,00 - 1.191.240,15 | 786.328,85 € |
| Obra executada e non aboada | Medición do informe técnico | 81.874,22 € |
| Obra non executada a prezos do contrato | 786.328,85 - 81.874,22 | 704.454,63 € |
| Total obra executada | 1.191.240,15 + 81.874,22 | 1.273.114,37 € |

O saldo propio da liquidación de obra, antes da liquidación de danos e perdas ocasionados á administración contratante sería de 81.874,22 euros a favor do contratista.

## IV. Danos e perdas

### 1. Sobrecusto acreditado de remate



| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 11/117 |

| Concepto | Operación | Importe |
|---|---|---|
| Orzamento de TRAGSA para rematar a obra | Importe final; IVE 10% incluído | 2.032.800,44 € |
| Valor da obra non executada a prezos do contrato resolto | 786.328,85 - 81.874,22 | - 704.454,63 € |
| Daño total acreditado por sobrecoste (D) | 2.032.800,44 - 704.454,63 | 1.328.345,81 € |
| Garantía definitiva incautada | Cobertura do artigo 213.3 LCSP | - 89.889,50 € |
| Indemnización adicional | 1.328.345,81 - 89.889,50 | 1.238.456,31 € |
| Crédito do contratista por obra executada | Compensación proposta | - 81.874,22 € |
| Total saldo a favor da Deputación | 1.238.456,31 - 81.874,22 | 1.156.582,09 € |

2. Outras partidas susceptibles de indemnización
Son indemnizables os gastos adicionais que resulten necesarios e estean directamente vinculados á paralización e remate das obras provocadas polo incumprimento contractual. Non obstante non constan acreditados ditos gastos.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

**1º.-** Aprobar a liquidación do contrato de obras do expediente EX016OB20AB, adxudicado a Construcciones Jesús Naray, S.L., recoñecendo como obra executada, conforme e pendente de aboamento a cantidade de OITENTA E UN MIL OITOCENTOS SETENTA E CATRO EUROS CON VINTE E DOUS CÉNTIMOS (81.874,22 euros), IVE incluído, de acordo coa medición e o informe técnico incorporados ao expediente.

**2º.-** Deixar constancia de que o prezo de adxudicación foi de 1.977.569,00 euros, IVE incluído; que se aboaron certificacións por 1.191.240,15 euros; e que a parte non executada do contrato resolto, valorada aos seus prezos orixinais, ascende a 704.454,63 euros, sen que esta última contía constitúa por si mesma un dano indemnizable.

**3º.-** Ter por producida a incautación da garantía definitiva por importe de OITENTA E NOVE MIL OITOCENTOS OITENTA E NOVE EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (89.889,50 euros), como efecto da resolución por incumprimento culpable do contratista, conforme o artigo 213.3 LCSP.

**4º.-** Fixar en 1.238.456,31 euros o dano acreditado polo sobrecusto de remate da obra, resultado de restar ao orzamento de TRAGSA de 2.032.800,44 euros o valor da obra non executada a prezos do contrato resolto, 704.454,63 euros, conforme o informe incorporado ao expediente e de descontar do dano total a garantía incautada de 89.889,50 euros.

**5º.-** Compensar, previos os trámites contables, xurídicos e de fiscalización que procedan, o crédito de 81.874,22 euros recoñecido ao contratista por obra executada e non aboada coa débeda indemnizatoria anterior, resultando un saldo líquido de UN MILLÓN CENTO CINCUENTA E SEIS MIL CINCOCENTOS OITENTA E DOUS, CON NOVE CÉNTIMOS (1.156.582,09 €) a favor da Deputación.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 12/117 |

**6º.-** Notificar o acordo ao contratista, administrador concursal e a SAVIA FINANCIACIÓN, S.A., poñendo de manifesto o expediente e os informes técnicos e económicos que sustentan cada partida, por un prazo de dez días hábiles, conforme o artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE LICITACIÓN DE OBRAS.

***Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: O VALADOURO.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-6305 "O Campo (LU-P-0101) – Reemisor de RTVE en Cadramón", p.k. 0+000 a 5+593.***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: O VALADOURO.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-6305 "O Campo (LU-P-0101) – Reemisor de RTVE en Cadramón", p.k. 0+000 a 5+593, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada, redactado polo Enxeñeiro Técnico José Fernández Parajes.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV765TYKNRZ3UXHDCYHNCQLOKM.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV765TZ5GDZY7LUSUYE56NHAIM.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV765TZSJ4RPLHZKAEVEEDRU6I.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV766WZYBIFPJWPSSP546BCW64.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7662TSBZ6YVPH44U64M73BAM[1].
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7662TTGDWI52MN6TWA64AGCQ.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

[1]Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 13/117 |

**1º.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: O VALADOURO.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-6305 "O Campo (LU-P-0101) – Reemisor de RTVE en Cadramón", p.k. 0+000 a 5+593, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

**2º.-** Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

**3º.-** Aprobar o gasto, por importe de 256.862,35€, dos cales 44.579,42€ corresponden ao IVE (21%), con cargo á aplicación orzamentaria 4530.619".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6.- .- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ADXUDICACIÓN DE OBRAS.**

***1º.- Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra denominada: RIBADEO.- Rehabilitación de firme LU-P-5204 "Cedofeita (LU-P-5203) – Arante – Regocorto (LU-132)", p.k. 3+600 a 6+770.***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 24/07/2026, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:
"(...)
ANTECEDENTES.
1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7RGUHIFQMKJGJ2VUPN6RLBOA[1].
2. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras indicadas con CSV: IV7RGUHNKA5JTWV4URQGD5ZCOE
3. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7RGYC4PYEJ3WG52Y454UTRIU
4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7RGMKMEAJCZW6KZQEC6FYQOY
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7RGMKZLIWM32FICT7D4UBXBY

[1]Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm



| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 14/117 |

6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7RHTTZBBFCVOWS2VVGKE27K4
7. Acordo da Xunta de Goberno, de data 29/05/2026, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV76U6KDAA76VLH4XX5BGX36IA
8. Publicación, o día 29/05/2026, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).
9. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.
10. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 26/06/2026, para apertura da documentación administrativa e oferta económica con CSV: IV76QDQPYBGNJOZJWZOGPZK7M4, resultando:

RIBADEO.- Rehabilitación de firme LU-P-52004 "Cedofeita (LU-P-5203) – Arante – Regocorto (LU-132)", p.k. 3+600 a 6+770

| | | | |
|---|---|---|---|
| ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído) | 215.866,21 | | CLASIFICACIÓN: |
| LCITACIÓN SEN IVE | 178.401,83 | | G-4-2 |
| IVE | 37.464,38 | | |
| VALOR ESTIMADO | 196.242,01 € | | |
| PRAZO DE EXECUCION: (MESES) | 4 | MAX 3.568,04 € | S/ LIC SEN IVE |

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | DOC "A" | OBXETIVOS (100) | | | | CRITERIO DESEMPATE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | PREZO ( IVE incluído .- art 102 ) (77,50) | MELLORAS (30 M cuneta) (10) | AUMENTO PRAZO GARANTÍA 3 ANOS (7,50) | PROGRAMA DIVULGACIÓN (5) | Plantel / Discapacitados |
| 1 | CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL | | | 207.015,69 € | NO | NO | 100,00 | 44/0 |
| 2 | DESARROLLOS Y METAS SL | | | 193.963,00 € | NO | NO | 200,00 | 40/0 |
| 3 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | | 207.231,57 € | NO | SI | 0,00 | 116/3 |
| 4 | HORDESCÓN SL | | | 215.844,63 € | NO | NO | 85,36 | 13/0 |

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

| EMPRESAS | | | OFERTA |
|---|---|---|---|
| | | | Oferta |
| 1 | CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL | | 207.015,69 € |
| 2 | DESARROLLOS Y METAS SL | | 193.963,00 € |
| 3 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | 207.231,57 € |
| 4 | HORDESCÓN SL | | 215.844,63 € |
| | | | |
| | | | |
| | | | |

| MEDIA |
|---|
| 206.013,72 |

| BAIXA DESPROPORCIONADA |
|---|
| 185.412,35 |

| 10% ARRIBA |
|---|
| 226.615,09 |




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 15/117 |

A vista do anterior, observase que ningunha oferta incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa.
Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | OBXECTIVOS (100) | | | | | | | | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | PREZO (77,50) | | MELLORAS (...) (10) | | AUMENTO PRAZO DE GARANTIA 3 ANOS (7,50) | | PROGRAMA DIVULGACIÓN OBRAS (5) | | |
| | | | OFERTA (INCLUÍDO IVA) | | CUNETA REVESTIDA FORMIGON 30 M | | SI /NO 7,5 /0 | | MAXIMO 2% LIC SEN IVE | 3.568,04 € | |
| | | | | PTOS | SI /NO | PTOS | SI/NO | PTOS | IMPORTE | PTOS | |
| 1 | CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL | | 207.015,69 € | 31,32 | NO | 0,00 | NO | 0,00 | 100,00 | 2,50 | 33,82 |
| 2 | DESARROLLOS Y METAS SL | | 193.963,00 € | 77,50 | NO | 0,00 | NO | 0,00 | 200,00 | 5,00 | 82,50 |
| 3 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | 207.231,57 € | 30,55 | NO | 0,00 | SI | 7,50 | 0,00 | 0,00 | 38,05 |
| 4 | HORDESCÓN SL | | 215.844,63 € | 0,08 | NO | 0,00 | NO | 0,00 | 85,36 | 2,13 | 2,21 |

Tendo en conta o anterior, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

A. Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | TOTAL |
|---|---|---|---|
| 1 | DESARROLLOS Y METAS SL | | 82,50 |
| 2 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | 38,05 |
| 3 | CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL | | 33,82 |
| 4 | HORDESCÓN SL | | 2,21 |

B. Requirir á mercantil DESARROLLOS Y METAS SL, para que, dentro do prazo de 10 DÍAS HÁBILES, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos establecidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 8.015,00 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.
11. Resolución da Presidencia de data 03/07/2026, con CSV: IV76STZTGAZS4XPDAN5AAPZHII, relativa á clasificación dos licitadores presentados e admitidos e acordando o requirimento á empresa clasificada en primeiro lugar: DESARROLLOS Y METAS SL, para que dentro do prazo de dez días hábiles, presentara




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 16/117 |

a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.
12. Notificación a través da Plataforma de Contratos do Sector Público á indicada mercantil, o día 20/07/2026 rematando o prazo de presentación o día 20/07/2026.
13. DESARROLLOS Y METAS SL, presentou a documentación requirida o 16/07/2026 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, ós efectos da valoración da documentación establecida no artigo 150 da LCSP en relación coa cláusula 17 do PCAP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa DESARROLLOS Y METAS SL presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.
Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; facendo observación no sentido de que o representante actúa como administrador único segundo escritura 964 de data 15/07/2015 ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia D. Andrés Cancela Ramirez de Arellano, entendéndose que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, ACORDA PROPOÑER que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:
1. Adxudicar á empresa DESARROLLOS Y METAS SL con C.I.F. B-70427505 a contratación da obra denominada RIBADEO.- Rehabilitación de firme LU-P-5204 "Cedofeita (LU-P-5203) – Arante – Regocorto (LU-132)", p.k. 3+600 a 6+770 (2026/CON_02/000048) de acordo ao proxecto aprobado pola Xunta de Goberno en data 29/05/2026 nos termos seguintes:
a. Prezo de 193.963,00 €, dos cales 33.663,00€ corresponden ao IVE (21%).
b. Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 200,00€ mais IVE.
c. Prazo de execución: 4 meses
O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas e a achega o plan de seguridade de acordo e nos termos establecidos no PCAP.
Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.
2. Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 17/117 |

3. Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.
4. Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.
5. Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización "de conformidade", proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar á empresa DESARROLLOS Y METAS SL con C.I.F. B-70427505 a contratación da obra denominada RIBADEO.- Rehabilitación de firme LU-P-5204 "Cedofeita (LU-P-5203) – Arante – Regocorto (LU-132)", p.k. 3+600 a 6+770 (2026/CON_02/000048) de acordo ao proxecto aprobado pola Xunta de Goberno en data 29/05/2026 nos termos seguintes:
a. Prezo de 193.963,00 €, dos cales 33.663,00€ corresponden ao IVE (21%).
b. Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 200,00€ mais IVE.
c. Prazo de execución: 4 meses
O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas e a achega o plan de seguridade de acordo e nos termos establecidos no PCAP.
Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

**2º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

**3º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

**4º.-** Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

**5º.-** Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 18/117 |

***2º.- Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra denominada: FOZ.- Actuacións varias en LU-P-2001, LU-P-2002, LU-P-2006, LU-P-2007, LU-P-2009, LU-P-2011 e LU-P-2013.***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 24/07/2026, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:
"(...)
ANTECEDENTES.
1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7RG7PYJN7D7ZMN4E5AAUKWM4[1].
2. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras indicadas con CSV: IV7RGLDDJJHCV6RO4MUAHY3AGY.
3. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7RG7IYNFG4UTXY5UXFENAQIY.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7RGMKMNU5MIXFNTQYM6VSHEI.
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7RGMKYJE7M72OICI4VKRBSIM.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7RHTT4FJBNXHGIQBOCCF7REY.
7. Acordo da Xunta de Goberno, de data 29/05/2026, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV76U6K2KBPLUSB23QQW4JZXEQ.
8. Publicación, o día 29/05/2026, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).
9. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.
10. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 26/06/2026, para apertura da documentación administrativa e oferta económica con CSV: IV76QDQMZTW7LHOI4J7B4TTEI4, resultando:

FOZ.- Actuacións varias en LU-P-2001, LU-P-2002, LU-P-2006, LU-P-2007, LU-P-2009, LU-P-2011 e LU-P-2013

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído) | | 249.242,83 | | CLASIFICACIÓN: |
| LCITACIÓN SEN IVE | | 205.985,81 | | G-4-2 |
| IVE | | 43.257,02 | | |
| VALOR ESTIMADO | | 226.584,39 € | | |
| PRAZO DE EXECUCION: | (MESES) | 4 | MAX 4.119,72 € | S/ LIC SEN IVE |

[1]Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm



| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 19/117 |

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | | DOC "A" | OBJETIVOS (100) | | | | CRITERIO DESEMPATE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | PREZO ( IVE incluído .- art 102 ) (77,50) | MELLORAS (superficie aglomerado) (10) | AUMENTO PRAZO GARANTÍA 3 ANOS (7,50) | PROGRAMA DIVULGACIÓN (5) | Plantel / Discapacitados |
| 1 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | | | | 247.396,60 € | 10 | SI | 100,00 | 60/1 |

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si a oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

| EMPRESAS | | | OFERTA |
|---|---|---|---|
| | | | Oferta |
| 1 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | | 247.396,60 € |

| BAIXA |
|---|
| 186.932,12 |

A vista do anterior, observase que ningunha oferta incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa.
Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | OBXECTIVOS (100) | | | | | | | | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | PREZO (77,50) | | MELLORAS (…) (10) | | AUMENTO PRAZO DE GARANTIA 3 ANOS (7,50) | | PROGRAMA DIVULGACIÓN OBRAS (5) | | |
| | | | OFERTA (INCLUÍDO IVA) | | SUPERFICIE AGLOMERADO | | SI /NO 7,5 /0 | | MAXIMO 2% LIC SEN IVE | 4.119,72 € | |
| | | | | PTOS | METROS 2 | PTOS | SI/NO | PTOS | IMPORTE | PTOS | |
| 1 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | | 247.396,60 € | 77,50 | 10,00 | 10,00 | SI | 7,50 | 100,00 | 5,00 | 100,00 |

Tendo en conta o anterior, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

a) Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | TOTAL |
|---|---|---|---|
| 1 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | | 100,00 |

b) Requirir á mercantil OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU, para que, dentro do prazo de 10 DÍAS HÁBILES, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos establecidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 10.223,00 euros, que supón o 5%




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 20/117 |

do prezo de adxudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.
11. Resolución da Presidencia de data 03/07/2026, con CSV: IV76STZ3JBOKRKHJBQVN6VBXLY, relativa á clasificación dos licitadores presentados e admitidos e acordando o requirimento á empresa clasificada en primeiro lugar: OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU, para que dentro do prazo de dez días hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.
12. Notificación a través da Plataforma de Contratos do Sector Público á indicada mercantil, o día 07/07/2026, rematando o prazo de presentación o día 21/07/2026.
13. OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU, presentou a documentación requirida o 20/07/2026 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, ós efectos da valoración da documentación establecida no artigo 150 da LCSP en relación coa cláusula 17 do PCAP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.
Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, ACORDA PROPOÑER que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:
1. Adxudicar á empresa OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU con C.I.F. B-15016207 a contratación da obra denominada FOZ.- Actuacións varias en LU-P-2001, LU-P-2002, LU-P-2006, LU-P-2007, LU-P-2009, LU-P-2011 e LU-P-2013 (2026/CON_02/000049) de acordo ao proxecto aprobado pola Xunta de Goberno en data 29/05/2026 nos termos seguintes:
a. Prezo de 247.396,60 €, dos cales 42.936,60€ corresponden ao IVE (21%).
b. Melloras de obra consistentes en 10 m2 superficie de aglomerado, coas características indicadas no PCAP.
c. Aumento do prazo de garantía en 3 anos por enriba do obrigatorio.
d. Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 100,00€ mais IVE.
e. Prazo de execución: 4 meses
O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 21/117 |

atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, aumento do prazo de garantía; o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas e a achega o plan de seguridade de acordo e nos termos establecidos no PCAP.
Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.
2. Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.
3. Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.
4. Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.
5. Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma".

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización "de conformidade", proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar á empresa OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU con C.I.F. B-15016207 a contratación da obra denominada FOZ.- Actuacións varias en LU-P-2001, LU-P-2002, LU-P-2006, LU-P-2007, LU-P-2009, LU-P-2011 e LU-P-2013 (2026/CON_02/000049) de acordo ao proxecto aprobado pola Xunta de Goberno en data 29/05/2026 nos termos seguintes:
a. Prezo de 247.396,60 €, dos cales 42.936,60€ corresponden ao IVE (21%).
b. Melloras de obra consistentes en 10 m2 superficie de aglomerado, coas características indicadas no PCAP.
c. Aumento do prazo de garantía en 3 anos por enriba do obrigatorio.
d. Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 100,00€ mais IVE.
e. Prazo de execución: 4 meses.
O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, aumento do prazo de garantía; o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas e a achega o plan de seguridade de acordo e nos termos establecidos no PCAP.
Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

**2º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 22/117 |

**3º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

**4º.-** Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

**5º.-** Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CON OBRAS DE EMERXENCIA.**

***Proposta en relación co orzamento definitivo remitido pola dirección técnica da obra de EMERXENCIA da obra de Cervantes.- actuacións precisas para a restitución da plataforma de estrada LU-P-1402 P.K. 12+190***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento – Unidade de Obras e Plans-, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

"Vista a documentación técnica descritiva remitida en data 21/07/2026 polo Director Técnico das obras de emerxencia sinalada, ao que acompaña memoria, documentación gráfica, valoración definitiva das obras e recepción das mesmas, infórmase o seguinte:

PRIMEIRO.- Pola Xunta de Goberno en sesión celebrada con data 06/03/2026 a vista dos informes dos Servizos en relación coa actuación de emerxencia sinalada, adoptouse acordo (CSV: IV7RRSCLEEJOXVEOAQOHIZIDOI) declarando a emerxencia e encomendando a execución da obra á mercantil GRUPO BASCUAS 2008 SL, no orzamento estimado de 121.581,83€, IVE incluído.

SEGUNDO.- O artigo 120 da LCSP, en su apartado d) establece o seguinte: "Ejecutadas las actuaciones objeto de este régimen excepcional, se observará lo dispuesto en esta Lei sobre cumplimiento de los contratos, recepción y liquidación de la prestación … indicando ademais: "En el supuesto de que le libramiento de los fondos necesarios se hubiera realizada a justificar, transcurrido el plazo establecido en la letra c) anterior, se rendirá la cuenta justificativa del mismo, con reintegro de los fondos no invertidos".




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 23/117 |

TERCEIRO.- Pola dirección técnica con data 21/07/2026, trasladase a este Servizo de Contratación e Fomento documentación técnica descritiva da execución da obra indicada.
No caso que nos ocupa, entende o que subscribe que por "cuenta justificativa", refírese ou debe entenderse a valoración definitiva das obras executadas –relación valorada-, memoria e a acta de recepción redactadas pola dirección técnica así como a factura, unha vez que sexa presentada polo contratista adxudicatario.
Destacar que o propio acordo da Xunta de Goberno en sesión celebrada o 06/03/2026, no apartado terceiro do acordo di que "As obras liquidáranse á súa terminación mediante relación valorada ( Artigo 179 do RD1098/2001 para o cal , o total resultante da suma dos produto das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementaránse un 5% en concepto de percepeción económica para o empresario ao que se lle encomende a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP)"; figurando así na valoración definitiva das obras.

CUARTO. O artigo 179 do RD 1098/2001, apartado 3, sinala "... A liquidación das obras executadas con colaboradores, de acordo co párrafo b) do artigo 176 do RXLCAP, "realizarase mediante relacións valoradas, acompañadas polo correspondente documento contractual donde figure o prezo concertado".
A vista do anterior, e tendo en conta o establecido no artigo 120 da LCSP, o artigo 322.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Admón. Local de Galicia, en relación co artigo 54.1 e concordantes do Regulamento orgánico da Deputación, infórmase favorablemente a aprobación do orzamento definitivo que figura na valoración definitiva das obras –relación valorada-, que ascende a cantidade de 84.815,68€, dos cales 14.720,08€ corresponden ao IVE, e o aboamento á empresa adxudicataria das obras, unha vez que polo contratista se presente a correspondente factura, conformada pola dirección técnica e, se achegue a conta xustificativa á Intervención desta entidade.

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito.

Polo anteriormente exposto, unha vez fiscalizado de conformidade, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar o orzamento definitivo que figura na valoración definitiva das obras –relación valorada- da obra de emerxencia indicada, que ascende a cantidade de 84.815,68€, dos cales 14.720,08€ corresponden ao IVE.

**2º.-** Proceder ao aboamento á empresa adxudicataria das obras, GRUPO BASCUAS 2008 SL, unha vez que polo contratista se presente a correspondente factura, e sexa aprobada a conta xustificativa polo órgano competente".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 24/117 |

DEPUTACIÓN DE LUGO

**8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS DO PLAN DEPUTACIÓN 2025.**

***Proposta de aprobación, se procede, en relacion co escrito da alcaldía do Concello de Antas de Ulla, solicitando modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Deputación 2025.***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

"En relación co escrito da Alcaldía do Concello de ANTAS DE ULLA no que solicita a modificación de proxecto de investimentos incluídos no PLAN DEPUTACIÓN 2025, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/12/2024 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do PLAN DEPUTACIÓN 2025. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 07/01/2025.
2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.
3. O PLAN DEPUTACIÓN 2025 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 25/03/2025, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| ANTAS DE ULLA | 12 | ACONDICIONAMENTO DE ACCESO A VILANUÑE A TORNA (VILANUÑE), DE ACCESO A DEPURADORA DAS VARXAS EN VILANE ( ANTAS DE ULLA), CAMIÑO EN ALEMPARTE (DORRA) E DE VILASIÓN A PENA DA LEBRE (FIZ DE AMARANTE), INCLUÍDO HONORARIOS | --- | 24.976,15€ | 24.976,15€ |

4. O concello indicado achegou os correspondentes anexos III nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan único, a declaración responsable coas coordenadas UTM.
5. A Alcaldía do Concello de ANTAS DE ULLA a través de escrito con RE nº 2026RPE011634 de data 17/07/2026 solicita:
a) A modificación de proxecto do investimento incluído inicialmente no PLAN DEPUTACIÓN 2025, concretamente o investimento nº 12, aos que acompaña a xustificación dos motivos, que en síntese indica "…. novos deterioros da vía, circunstancia sobrevida e imprevisible,…. polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 25/117 |

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| ANTAS DE ULLA | 12 | MODIFICADO ACONDICIONAMENTO DE ACCESO A VILANUÑE A TORNA (VILANUÑE), DE ACCESO A DEPURADORA DAS VARXAS EN VILANE ( ANTAS DE ULLA), CAMIÑO EN ALEMPARTE (DORRA) E DE VILASIÓN A PENA DA LEBRE (FIZ DE AMARANTE), INCLUÍDO HONORARIOS | --- | 24.976,15€ | 24.976,15€ |

6. A base 16, indica que "...Se durante a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, -LCSP-, e redactar un proxecto modificado que deberá ser aprobado polo concello e pola Xunta de Goberno da Deputación. Ademais, para a aprobación pola Deputación deberá achegarse:
- Conformidade do contratista adxudicatario.
- Informe favorable da Secretaría municipal
- Informe favorable da Intervención do Concello, no caso de que exista incremento do seu orzamento.

Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de certificacións finais e liquidacións ou de calquera outro concepto deberá ser financiado integramente polo concello, salvo aquelas modificacións, certificacións finais ou liquidacións, legalmente tramitadas, que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno desta Deputación".

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Deputación 2025, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello de ANTAS DE ULLA que se sinala, quedando incluído no PLAN DEPUTACIÓN 2025.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.



| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 26/117 |

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de ANTAS DE ULLA, e en consecuencia, aprobar a modificación de proxecto do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan Deputación 2025 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| ANTAS DE ULLA | 12 | MODIFICADO ACONDICIONAMENTO DE ACCESO A VILANUÑE A TORNA (VILANUÑE), DE ACCESO A DEPURADORA DAS VARXAS EN VILANE ( ANTAS DE ULLA), CAMIÑO EN ALEMPARTE (DORRA) E DE VILASIÓN A PENA DA LEBRE (FIZ DE AMARANTE), INCLUÍDO HONORARIOS | --- | 24.976,15€ | 24.976,15€ |

**2º.-** Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS RELATIVAS Á TRAMITACIÓN DE CONVENIOS CON ENTIDADES E CONCELLOS.**

***1º.- Proposta relativa a aprobación, se procede, da modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación provincial de Lugo e o Concello de Cervantes para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións "Adquisición de grupo electróxeno con remolque" e "Mellora de varias infraestruturas" ano 2025.***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

"ASUNTO: INFORME FAVORABLE

MODIFICACIÓN DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE CERVANTES PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS "ADQUISICIÓN DE GRUPO ELECTRÓXENO CON REMOLQUE" E "MELLORA DE VARIAS INFRAESTRUTURAS" ANO 2025




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 27/117 |

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2026/PES_03/014732) dende a Sección de Fomento do Ser-vizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte INFORME

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 17 de outubro de 2025, acordou aprobar a seguinte proposta:
"PRIMEIRO .Aprobar o texto do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE CERVANTES PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS "ADQUISICIÓN DE GRUPO ELECTRÓXENO CON REMOLQUE" E "MELLORA DE VARIAS INFRAESTRUTURAS" ANO 2025 por importe total de 252.338,36 € cuxo contido é o seguinte: (...)
SEGUNDO A aprobación do gasto, por importe de 239.721,44 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo, para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio".

Segundo: O CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE CERVANTES PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS "ADQUISICIÓN DE GRUPO ELECTRÓXENO CON REMOLQUE" E "MELLORA DE VARIAS INFRAESTRUTURAS" ANO 2025 formalizouse o 21 de outubro de 2025.

Terceiro: O alcalde do concello de Cervantes remitiu, o 23 de xullo de 2026, escrito no que se establece o seguinte:
"(...) Dentro das actuacións enmarcadas no convenio de colaboración figuran varias obras para a execución das cales foron necesarias diferentes autorizacións sectoriais que, por motivos alleos a esta entidade, non foron remitidas algunhas delas ata fai poucos días, motivo polo cal non resultou posible iniciar os procedementos de licitación e posterior execución das mesmas. Estas actuacións son as denominadas "Rehabilitación da estrada dende Folgueiroa a Quindous por Sevane" e a "Colocación de varandas, biondas e malla en Noceda, Santalla, A Lama, Casas do Río, Ponte Cubelas e Vilaver".
Logo de ver que, tal e como recolle a cláusula Oitava do Convenio, a modificación do mesmo poderá levarse a cabo por mutuo acordo entre as partes, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
Tendo en conta os prazos legalmente establecidos e imprescindibles para a tramitación dos expedientes, ademais do prazo de execución previsto no proxecto técnico no que se definen as obras, prevese a imposibilidade material de executar e xustificar os investimentos no prazo establecido polo Convenio, polo que, por medio da presente
SOLICITO




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 28/117 |

Unha ampliación do prazo establecido para a execución e xustificación das actuacións recollidas no Convenio de colaboración ata o 30 de novembro de 2026"

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO-ADMINISTRATIVAS:

PRIMEIRA.- No convenio de referencia establécese o seguinte:
-Na cláusula SÉTIMA.- Vixencia do convenio interadministrativo.
"A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2027 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público".
- Na cláusula OITAVA.- Modificación
"A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo".

SEGUNDA: No artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
"1. A Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con elo no se prexudican dereitos de terceiro.
(...)
3. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. Os acordos sobre ampliación de prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso, sin prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento.

TERCEIRA: En canto ao órgano competente para aprobar a addenda de modificación ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

Por todo o exposto, e tendo en conta que:
- o convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 29/117 |

- media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común)
- o novo prazo non excede da metade do prazo previsto
- que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros
- e que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial,

dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a modificación solicitada dende o concello de Cervantes nos termos da addenda ao convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia".

Proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

Aprobar o borrador da addenda de modificación do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE CERVANTES PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS "ADQUISI-CIÓN DE GRUPO ELECTRÓXENO CON REMOLQUE" E "MELLORA DE VARIAS INFRAESTRUTURAS" ANO 2025 con CSV IV766XAZAFMIT2ZCQI5WEIZBKA".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

***2º.- Proposta relativa a aprobación, se procede, da modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación provincial de Lugo e o Concello de A Fonsagrada para cooperar na execución de varias actuacións no concello de A Fonsagrada. Ano 2025.***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

"ASUNTO: INFORME FAVORABLE

MODIFICACIÓN DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE A FONSAGRADA PARA COOPERAR NA EXECUCIÓN DE VARIAS ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE A FONSAGRADA. ANO 2025

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2026/PES_03/014660) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte INFORME

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 24 de outubro de 2025, acordou aprobar a seguinte proposta:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 30/117 |

"PRIMEIRO. Aprobar o texto do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE A FONSAGRADA PARA COOPERAR NA EXECUCIÓN DE VARIAS ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE A FONSAGRADA. ANO 2025 por importe total de 249.994,37 € cuxo contido é o seguinte: (...)
SEGUNDO. A aprobación do gasto, por importe de 249.994,37€ con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo, para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio".

Segundo: O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de A Fosagrada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no concello de A Fonsagrada, ano 2025 formalizouse o 11 de novembro de 2025.

Terceiro: O alcalde do concello de A Fonsagrada remitiu, o 22 de xullo de 2026, escrito no que se establece o seguinte:
" (...) Visto que na solicitude inicial do Convenio por erro, non se desglosou dentro do orzamento total da actuación, o importe correspondente aos honorarios técnicos.
Visto que no Proxecto definitivo da obra se desglosa o orzamento da actuación Adecuación e renovación de servizos en Rúa Marqués de Rodil da seguinte maneira:(…)
SOLICITO:
A modificación da Cláusula PRIMEIRA do Convenio de forma que na actuación: 2. Adecuación e renovación de servizos en Rúa Marqués de Rodil que conta cun orzamento total de 132363,23 €, se inclúan os honorarios técnicos (honorarios de redacción do proxecto e honorarios de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde) co seguinte desglose: Adecuación e renovación de servizos en Rúa Marqués de Rodil. PBL: 124577,15 €
Honorarios técnicos (redacción do proxecto e dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde): 7786,08 €
ORZAMENTO TOTAL: 132363,23 €"

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO-ADMINISTRATIVAS:

PRIMEIRA.- No convenio de referencia establécese o seguinte:
-Na cláusula SÉTIMA.- Vixencia do convenio interadministrativo.
"A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2027 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de



| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 31/117 |

decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público".
- Na cláusula OITAVA.- Modificación
"A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo".

SEGUNDA: En canto ao órgano competente para aprobar a addenda de modificación ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

Por todo o exposto, e tendo en conta que:
- o convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo
- media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común)
- que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros
- e que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial,
dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a modificación solicitada dende o concello de A Fonsagrada nos termos da addenda ao convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia".

Proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

Aprobar o borrador da addenda de modificación do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE A FONSAGRADA PARA COOPERAR NA EXECUCIÓN DE VARIAS ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE A FONSAGRADA. ANO 2025 con CSV IV7666PPZMJ4T7XKY36U5ZIVKE".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

***3º.- Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo entre a Deputación provincial de Lugo e o Concello de A Fonsagrada para cooperar no financiamento da execución de varias actuacións no concello de A Fonsagrada, ano 2026.***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 32/117 |

“Visto o escrito remitido dende o Concello de A Fonsagrada (EXP. 2026/PES_03/014833) no que se solicita a formalización dun convenio para o financiamento da execución das seguintes actuacións:

| Actuacións | CUSTE TOTAL |
|---|---|
| Liña 1. GASTOS CORRENTES<br>1. Actividades culturais, turísticas, deportivas e protocolarias 49.929,70 € | 49.929,70€ |
| Liña 2. INVERSIÓNS<br>1. Subministración de pedra granito: 14.520,00 €<br>2. Adquisición de ferramentas para obra (formigoneira, vibrador eléctrico, martelo picador e martelo rotativo): 5.137,00 €<br>3. Subministración de grava: 18.804,61 €<br>4. Subministración cemento: 6.076,62 €<br>5. Subministración emulsión betuminosa: 72.599,56 €<br>6. Subministración aglomerado: 7.200,00 €<br>7. Subministración ferro: 12.607,63 €<br>8. Subministración zahorra: 12.000,00 €<br>9. Subministración sistema de seguridade e vídeo vixancia museo Forges: 4.177,53 €<br>10. Subministro de tuberia para abastecemento: 6.413,00 €<br>10. Subministro de tuberia de saneamento: 18.028,35 €<br>11. Redacción anteproxecto piscina: 18.089,50 €<br>12. Estudo xeotécnico piscina: 4.416,50 € | 200.070,30 € |
| CUSTE TOTAL | 250.000,00 € |

por importe total de 250.000,00 € (que serán financiados pola Deputación de Lugo) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítese informe FAVORABLE en base ás seguintes consideracións:

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO ADMINISTRATIVAS

- LEXISLACIÓN DE RÉXIME LOCAL

PRIMEIRA.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).
Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.
No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.



| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 33/117 |

SEGUNDA: A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: "1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)" 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

TERCEIRA: No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, disponse que: "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".

CUARTA.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 34/117 |

-NORMATIVA COMÚN SOBRE O RÉXIME XURÍDICO DO SECTOR PÚBLICO

PRIMEIRA: No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas". Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a)"lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".
Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: " 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".

SEGUNDA.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: "Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.
Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".
Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: "Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)".

TERCEIRA.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: "1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de



| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 35/117 |

medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)".

CUARTA.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que "(...) deberán incluír, polo menos:
B)Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
C)A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.
D)O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.
E)Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.
F)Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento
G)Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
H)Réxime de modificación do convenio.
I)Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:
1.Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.
2.En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.
(...)".

QUINTA.-Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:
"1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.
4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei"




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 36/117 |

SEXTA: Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

CONCLUSIÓNS

En base ao anteriormente exposto:

PRIMEIRA. As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

SEGUNDA. O municipio de A Fonsagrada, consonte ao establecido no artigos 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, exerce competencias nas materias obxecto do convenio solicitado.

TERCEIRA. A documentación que consta no expediente correspóndese coa documentación -modelos normalizados- aprobada por acordo de Xunta de Goberno de data 30 de xaneiro de 2026 (de tramitación de convenios interadministrativos con concellos) e modificada o 20 de marzo de 2026. No convenio tipo aprobado recollese a posibilidade de percibir un anticipo de ata o 80 % do importe a financiar pola Deputación.

CUARTA: Se adxunta memoria xustificativa segundo o establecido no artigo 50.1 da LRXSP

QUINTA.- Consta informe de consignación orzamentaria de Intervención, por importe de 250.000,00 € (49.929,70 € na aplicación orzamentaria 9420 46200 e 200.070,30 € na aplicación orzamentaria 9420 76200) con cargo ao Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2026

SEXTA: O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno tendo en conta o importe global do convenio e en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público”..




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 37/117 |

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

**1º.-** Aprobar o texto do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE A FONSAGRADA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DE VARIAS ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE A FONSAGRADA. ANO 2026. por importe total de 250.000,00 € (que serán asumidos pola Deputación) con csv IV766CK4Z3WOXPJT2ZUE6RPREM.

**2º.-** A aprobación do gasto, por importe de 250.000,00 € (49.929,70 € na aplicación orzamentaria 9420 46200 e 200.070,30 € na aplicación orzamentaria 9420 76200), con cargo ao Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2026".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

***4º.- Proposta relativa a aprobación, se procede, da modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación provincial de Lugo e o Concello de Guitiriz para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións "Equipamento ximnasio municipal, equipo de son para pavillón municipal e peche campo da feira" no Concello de Guitiriz, ano 2025.***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

"ASUNTO: INFORME FAVORABLE

MODIFICACIÓN DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE GUITIRIZ PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS "EQUIPAMENTO XIMNASIO MUNICIPAL, EQUIPO DE SONIDO PARA PAVILLÓN MUNICIPAL E PECHE CAMPO DA FEIRA" NO CONCELLO DE GUITIRIZ, ANO 2025.

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2026/XEN_01/002848) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte INFORME

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: A Xunta de Goberno acordou, en sesión celebrada o 5 de decembro de 2025, aprobar a seguinte proposta:
"PRIMEIRO. Aprobar o texto do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 38/117 |

GUITIRIZ PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS “EQUIPAMENTO XIMNASIO MUNICIPAL, EQUIPO DE SONIDO PARA PAVILLÓN MUNICIPAL E PECHE CAMPO DA FEIRA” NO CONCELLO DE GUITIRIZ, ANO 2025 por importe total de 50.000,00 € (dos que 50.000,00 € serán financiados pola Deputación) cuxo contido é o seguinte: (...).
SEGUNDO. A aprobación do gasto, por importe de 50.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento Xeral, para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio”.

SEGUNDO: O CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE GUITIRIZ PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS “EQUIPAMENTO XIMNASIO MUNICIPAL, EQUIPO DE SONIDO PARA PAVILLÓN MUNICIPAL E PECHE CAMPO DA FEIRA” NO CONCELLO DE GUITIRIZ, ANO 2025 formalizouse o 16 de decembro de 2025.

TERCEIRO: Dende o concello de Guitiriz remitiuse, o 27 de xullo de 2026, escrito no que se solicita modificar a cláusula cuarta do convenio para incorporar a posibilidade de que en caso de producirse baixas na licitación ou na execución se reduza a cantidade estipulada para o financiamento comprometido polo Concello, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO-ADMINISTRATIVAS:

PRIMEIRA: No convenio de referencia establécese o seguinte:
-Na cláusula SÉTIMA.- Vixencia do convenio interadministrativo.
“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2027 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”.
- Na cláusula OITAVA.- Modificación
“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo”.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 39/117 |

SEGUNDA: En canto ao órgano competente para aprobar a addenda de modificación ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

Por todo o exposto, e tendo en conta que:

1º. o convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo

2º. media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común)

dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento se informa favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a modificación solicitada dende o concello de Guitiriz nos termos da addenda ao convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia".

Proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

Aprobar o borrador da addenda de modificación do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE GUITIRIZ PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS "EQUIPAMENTO XIMNASIO MUNICIPAL, EQUIPO DE SONIDO PARA PAVILLÓN MUNICIPAL E PECHE CAMPO DA FEIRA" NO CONCELLO DE GUITIRIZ, ANO 2025 con CSV IV7666PKZQGLTFFDWTWW6AKPP4".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

***5º.- Proposta de inicio, da modificación do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación galega de municipios e provincias e as Deputacións provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais. Anos 2025,2026 e 2027.***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

"ASUNTO: INFORME FAVORABLE

INICIACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E AS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DA CORUÑA, LUGO, OURENSE E PONTEVEDRA EN




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 40/117 |

MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS ANUALIDADE 2025, 2026 E 2027.

En relación ao asunto de referencia (EXP.2026/XEN_01/002849) emítese o seguinte informe:

PRIMEIRO: A Xunta de Goberno acordou, en sesión ordinaria celebrada o 20 de decembro de 2025, aprobar a seguinte proposta:
"1. Aprobar o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E AS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DA CORUÑA, LUGO, OURENSE E PONTEVEDRA EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS. ANOS 2025,2026 E 2027, por importe total de 32.160.000,00 € (dos que 1.920.000,00 € serán financiados pola Deputación de Lugo -640.000,00 € en cada anualidade) ao que se deberán adherir os concellos sede, e cuxo contido é o seguinte: (...)
2. Aprobar o gasto anticipado por importe de 1.920.000,00 €, dos que 640.000,00 € serán con cargo á aplicación orzamentaria 1361.46200 do orzamento do ano 2025, -inicialmente aprobado por acordo plenario de data 26 de novembro de 2024- para financiar os gastos derivados da anualidade do 2025 do convenio.
3. Adquirir o compromiso de incluír no orzamento do ano 2026 o importe de 640.000,00€ para sufragar os gastos que se deriven da execución da anualidade do 2026 do convenio e de incluír no orzamento do ano 2027 o importe de 640.000,00 € para sufragar os gastos que se deriven da execución da anualidade do 2027 do convenio, tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto, o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
4. Establecer que a axuda a satisfacer pola Deputación se destine indistintamente a gastos de persoal e gastos correntes, dado que no borrador do convenio remitido non constan os importes que cada concello ten que destinar especificamente a gastos de persoal e a gastos correntes.
5. Establecer que a documentación a aportar por parte dos concellos sede co obxecto de xustificar a achega recibida pola Deputación concretarase por Resolución de Presidencia, que será notificada aos Concellos Sede.
6. Establecer que a distribución do financiamento recollida na cláusula sexta do convenio de referencia queda supeditada ao cumprimento do establecido no artigo 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria".

SEGUNDO: O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E AS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DA CORUÑA, LUGO, OURENSE E PONTEVEDRA EN MATERIA DE




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 41/117 |

EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS. ANOS 2025,2026 E 2027 formalizouse o 30 de decembro de 2025.

TERCEIRO: Dende o concello de Quiroga remitíronse dous escritos (Exp.2026/PES_03/008512/ Exp. 2026/PES_03/008465) nos que se solicita o incremento dos efectivos dos GES (de 6 a 12).

CUARTO: No expediente consta providencia da Presidenta, de data 30 de xullo de 2026, onde literalmente se establece o seguinte:
"ASUNTO: INICIO E TRAMITACIÓN DA MODIFICACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E AS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DA CORUÑA, LUGO, OURENSE E PONTEVEDRA EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS ANUALIDADE 2025, 2026 E 2027.
En relación ao asunto de referencia (EXP. 2026/XEN_01/002849) e tendo en conta os escritos remitidos dende o concello de Quiroga onde se solicita o incremento dos efectivos (de 6 a 12) impulsase a tramitación da modificación do convenio de referencia cuxo borrador e importe deberán ser remitidos dende a Xunta de Galicia.
As porcentaxes das achegas económicas das partes asinantes seguirán respectando o reflectido no convenio (52,5% de financiamento por parte dos departamentos da Xunta de Galicia, 47,5% das entidades locais, sendo o 40 % procedente das Deputacións Provinciais e un 7,5% dos concellos)".

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO – ADMINISTRATIVAS

PRIMEIRA: Na cláusula décimo terceira -vixencia- do convenio de referencia recolle literalmente o seguinte
"O presente Convenio estenderá a súa vixencia desde o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2027.
Os concellos formalizan a súa adhesión ao presente convenio coa sinatura do correspondente anexo VI de adhesión.
Este convenio poderá ser obxecto de modificacións ou de prórrogas xustificadas, logo da tramitación da addenda correspondente e seguindo os trámites necesarios para a formalización oportuna".

SEGUNDA: O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno tendo en conta o importe global do convenio e en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

CONCLUSIÓNS




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 42/117 |

En base ao anteriormente exposto e tendo en conta que o convenio está vixente e que media a vontade das partes, informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se adopte o acordo de iniciar a tramitación da modificación do convenio de referencia cuxo borrador e importe deberán ser remitidos dende a Xunta de Galicia (as porcentaxes das achegas económicas das partes asinantes seguirán respectando o reflectido no convenio (52,5% de financiamento por parte dos departamentos da Xunta de Galicia, 47,5% das entidades locais, sendo o 40 % procedente das Deputacións Provinciais e un 7,5% dos concellos)".

Polo anteriormente exposto propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

Iniciar a tramitación da modificación do convenio de referencia cuxo borrador e importe deberán ser remitidos dende a Xunta de Galicia (as porcentaxes das achegas económicas das partes asinantes seguirán respectando o reflectido no convenio (52,5% de financiamento por parte dos departamentos da Xunta de Galicia, 47,5% das entidades locais, sendo o 40 % procedente das Deputacións Provinciais e un 7,5% dos concellos)".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

***6º.- Proposta relativa á resolución do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello da Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes en: adquisición de terreos e construción de complexo residencial para persoas maiores no Concello de A Pontenova e aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes no remate das obras do Centro de Atención a Persoas Maiores (CAM) no Concello da Pontenova.***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Pablo Rivera Capón, en calidade de Deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social en relación ao asunto de referencia expón:

A Deputación de Lugo subscribiu un Convenio Interadministrativo entre esta entidade provincial e o Concello de A Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes en: "Adquisición de terreos e construción de complexo residencial para persoas maiores nese municipio", o 21.02.2018.




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 43/117 |

Derivado dun desvío no orzamento inicial do proxecto, e previos trámites administrativos, formalizaouse Addenda ao Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes en: adquisición de terreos e construción de complexo residencial para persoas maiores no Concello de A Pontenova o 31.05.2019.

Posteriormente o 26.01.2022 formalizouse a 2ª Addenda do Convenio interadministrativo de cooperación sinalado, modificando as cláusulas terceira, sexta e sétima, no relativo a prazo de execución e vixencia, establecendo a vixencia do Convenio en 8 anos a contar dende a súa formalización, aínda que con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2018, en base ao establecido no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Esta Addenda foi formalizada entre as partes o 26.01.2022.

O 31.10.2022 formalizouse a 3ª Addenda do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes en: adquisición de terreos e construción de complexo residencial para persoas maiores no Concello da Pontenova.

O 23.08.2022, previos trámites administrativos, formalizouse coa entidade mercantil Construcciones Jesus Naray, S.L., o contrato administrativo para execución da obra A Pontenova – Centro de Atención a Maiores (CAM)-(EX016OB20AB), formalizándose o 15.09.2022 a "Acta de Comprobación Reformulo" en sentido favorable, iniciando deste xeito o prazo de execución ofertado pola empresa adxudicataria da obra establecido en 15 meses.

O 14.07.2025 Construcciones Jesus Naray, S.L., comunicou formalmente a suspensión temporal dos traballos, debido á imposibilidade técnica e económica de continuar a execución da obra. Así no informe emitido pola responsable do contrato.
A Xunta de Goberno desta Deputación de Lugo, en sesión ordinaria realizada o 03.10.2025 adoptou, entre outros, o acordo de resolver o contrato de obra para a construción centro residencial no Concello A Pontenova- Centro de Atención a Maiores (CAM), adxudicado a entidade Construciones Jesús Naray, S.L., desestimando as alegacións formuladas pola contratista, concorrendo incumprimentos con natureza de obriga esencial, ó abeiro da documentación obrante no expediente, dando traslado da citada resolución ó Consello Consultivo de Galicia para emisión do seu preceptivo informe, suspendendo o prazo máximo para resolver e notificar o procedemento no tanto non se reciba o ditame do Consello Consultivo de Galicia.

O Pleno da Deputación de Lugo acordou por unanimidade na sesión realizada o 27.01.2026 a continuación e finalización das actuacións en curso que se considerasen oportunas para dar cumprimento ao obxecto do Convenio interadministrativo entre esta Deputación Provincial e o Concello de A Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores (residencia e centro de día) no municipio de A Pontenova, establecendo un prazo improrrogable de catro anos para a súa finalización, transcorrido o cal deberíase




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 44/117 |

realizarse a liquidación das mesmas nos termos establecidos, prazo improrrogable que poderá ser suspendido, a efectos de cómputo de prazo, cando para no procedemento fora indispensable a obtención dun previo pronunciamento por terceiros, desde o momento en que se solicita, ou en calquera das outras causas reguladas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O 28.01.2026 a Sección de Ditames do Consello Consultivo de Galicia emitiu o ditame CCG 317/2025, co CVE: jEQgUEsQMWG0, no cal informábase favorablemente a proposta de resolución do contrato administrativo de construción do centro residencial A Pontenova – Centro de Atención a Maiores (CAM) no Concello de A Pontenova, adxudicado á empresa Construcciones Jesús Naray, S. L. pola Deputación de Lugo.

O Servizo de Arquitectura da Deputación de Lugo en expediente 2026/XEN_01/002568, deu traslado a Benestar Social e Igualdade da Providencia de iniciación e Memoria xustificativa do expediente relativo ao establecemento dun encargo da Deputación de Lugo ao seu medio propio personificado para a execución dos traballos de terminación do centro de atención a maiores de A Pontenova co CSV IV76SIB33UVLZ7ETCBXC4IPRGY.

Neste documento sinálase expresamente que a Unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato será o Servizo de Arquitectura, propoñendo como responsable do contrato (enténdese que sería a Responsable do seguimento e control do encargo) a dona Mónica Marras Mosquera, Xefa do Servizo de Arquitectura, a cal informa da necesidade e idoneidade do establecemento do Encargo da Deputación de Lugo ao seu medio propio personificado para a execución dos traballos de terminación do Centro de Atención a Maiores da Pontenova, posto que a Deputación Provincial de Lugo non dispón dos medios propios e recursos precisos para levar a cabo os traballos obxecto de contratación, solicitando que se leven a cabo tódolos trámites que resulten necesarios para a contratación da prestación anteriormente indicada. Así o orzamento de execución por administración, segundo se recolle do documento citado, ascende á cantidade de 2.032.800,44 € (dous millóns trinta e dous mil oitocentos euros con corenta e catro céntimos). Este documento foi complementado pola Proposta de inicio e memoria xustificativa do expediente relativo ao establecemento dun encargo da Deputación provincial de Lugo ao seu medio propio personificado para a execución dos traballos de terminación do Centro de atención a maiores da Pontenova co CSV IV7662XNLFOKTT5IQ5UDA5SDKQ.

O 27.07.2026 realizouse unha reunión da Comisión Mixta de Seguimento do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello da Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes en: adquisición de terreos e




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 45/117 |

construción de complexo residencial para persoas maiores no Concello da Pontenova, no que se acordou a extinción do Convenio por resolución por acordo unánime de todas as partes, isto é, de mutuo acordo, co obxecto de dar aprobación ao texto dun novo convenio que recolla a nova situación da construción do CAM da Pontenova, de tal xeito, que se recollera de xeito expreso o encargo a TRAGSA, como medio propio da Deputación, para levar a cabo o remate das obras, así como incorporar o calendario de pagamento do Concello da Pontenova, relativo as obrigas do convenio formalizado no 2018 e a súa correspondente liquidación.

Tendo en conta o sinalado e visto: os informe da xefa de servizo de Benestar Social e Igualdade co CSV IV7663B5PE5ZISO7UZUEOHQFGQ e IV766CL7JI7336Z2A5PXO7QQAA; o informe do Servizo de Contabilidade relativo á consignación orzamentaria co CSV IV7666KYNR4PZDJZ6E4GGVYEKY; os informes do Servizo de Contratación e Fomento co CSV IV7663KKZL4J3L6D4ZGNH4ZU74 e IV7666RKDUHD776YSVPEE5I664; os informes da Intervención co CSV IV766CJY2B46KREP7VO5P5QPKI e V766AAJFHW4R5G6QVFAMJ7VEU.

Propón que a Xunta de Goberno acorde:

**1º.-** Extinguir o Convenio interadministrativo a entre esta Deputación Provincial e o Concello de A Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores (residencia e centro de día) no municipio de A Pontenova, documento formalizado o 21.02.2018, por mútuo acordo entre todas as partes asinantes.

**2º.-** Aprobar a liquidación do Convenio interadministrativo a entre esta Deputación Provincial e o Concello de A Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores (residencia e centro de día) no municipio de A Pontenova, co seguinte resultado económico:

| IMPORTES LIQUIDACIÓN CONVENIO INTERADMINISTRATIVO 2018 | | | |
|---|---|---|---|
| | COMPROMETIDO | EXECUTADO | DIFERENZA |
| DEPUTACIÓN | 1.935.850,55 € | 1.231.395,92 € | 704.454,63 € |
| CONCELLO | 302.831,38 € | 302.831,38 € | 0,00 € |
| TOTAL | 2.238.681,93 | 1.534.227,30 € | 704.454,63 € |

**3º.-** Aprobar o calendario de pago do Concello de A Pontenova, coa seguinte distribución por anualidades: 2026, 27.500,00 €; 2027, 66.000,00 €; 2028, 66.000,00 €; 2029, 44.031,38 €, asumindo deste xeito o compromiso inicial. Este calendario de pagos quedará reflectido na redacción do novo convenio.

**4º.-** Aprobar o texto do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello da Pontenova para a execución dos fins comúns




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 46/117 |

consistentes no remate das obras do Centro de Atención a Persoas Maiores (CAM) no Concello da Pontenova, cun orzamento total de 2.050.829,44 €, os cales serán asumidos pola Deputación de Lugo, co seguinte texto:

"CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DA PONTENOVA PARA A EXECUCIÓN DOS FINS COMÚNS CONSISTENTES NO REMATE DAS OBRAS DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES (CAM) NO CONCELLO DA PONTENOVA
[APROBADO POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE LUGO DE DATA xx..07.2026]

Lugo, XX de xxxxx de 2026

INTERVEÑEN

Dona María del Carmen López Moreno, Presidenta da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local. (E NO SEU CASO DELEGACIÓN)

Don Darío Campos Conde, como Alcalde do Concello da Pontenova., con N.I.F P-2704900-F e sede social na na praza Camiño, 1 CP 27170, A Pontenova, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Don José Antonio Mourelle Cillero, actuando como Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

Recoñecendo a capacidade xurídica e a representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- O Parlamento de Galicia, en execución das competencias que a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia, atribúen a Comunidade Autónoma Galega, aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG) que ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais nesta Comunidade Autónoma para a construción do sistema galego de benestar.
A Lei galega entende por servizos sociais o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega,



| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 47/117 |

mediante intervencións que permitan o logro de diversos obxectivos, entre os que se citan: facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou en risco de exclusión social; garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia; previr a aparición de calquera situación de dependencia, exclusión, desigualdade ou desprotección ás que fan referencia os obxectivos anteriores e promover e garantir o dereito universal da cidadanía galega ao acceso aos servizos sociais, garantindo a suficiencia orzamentaria que asegure a súa efectividade.
O sistema galego de servizos sociais, segundo o artigo 4 LSSG, rexese polos principios de: universalidade; prevención; responsabilidade publica; igualdade; equidade e equilibrio territorial; solidariedade; acción integral e personalizada; autonomía persoal e vida independente; participación; integración e normalización; globalidade; descentralización e proximidade; coordinación; economía, eficacia e eficiencia; planificación; avaliación e calidade.

SEGUNDO.- O artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante LBRL) , na redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) establece que o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social (Art. 25.2 letra e).
Esta determinación competencial das Entidades locais da lexislación básica estatal, complementase coa lexislación sobre réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, o 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

TERCEIRO.- Así a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local (en adiante LRSAL) establece,na súa disposición adicional primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.
Na mesma liña, a disposición adicional cuarta da Lei 5/2014, en canto a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais, ao precisar que continuarán prestándose polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela.
A maiores, no Art. 3.3 Lei 5/2014 concrétanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 48/117 |

concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) o auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

CUARTO.- O artigo 60 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia (en adiante LSSG), establece como competencias dos concellos, entre outras, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos, así como, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59.i da mesma, debendo garantir todos os concellos de Galicia, como mínimo, a prestación de servizos sociais comunitarios básicos de titularidade municipal. Por outra banda, para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60, os concellos de Galicia poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co Catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente, consonte co previsto no artigo 62 da LSSG, referente as actividades municipais complementarias doutras administracións públicas.

QUINTO. A Deputación Provincial de Lugo, ten como fins propios e específicos os enumerados no Art. 31.2 da LRBRL, indicando xenericamente o de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, particularizando algún deses fins específicos. O artigo 118.letra e) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA) establece que compete as Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos, en especial, a realización de obras en todo o territorio provincial. E, por último, o artigo 30.6 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (en adiante TRLRL) sinala, dentro das formas de cooperación das Deputacións, a dos "convenios" de execución de obras e instalación de servizos.
O art. 36.1 LBRL, pola súa parte, enumera as competencias propias do ente provincial, estipulando os apartados b) e d) as seguinte:
- A asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica ós Concellos, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión. En todo caso nos municipios de 1.000 habitantes debe garantir a prestación dos servizos de secretaría e intervención (art. 36.1 b)
- A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. ( art. 36.1 d).




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 49/117 |

A LRALG, regula nos artigos 109 e seguintes, as competencias propias da Deputación Provincial, salientando o parágrafo b), "a prestación de asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica cos Concellos, especialmente ós que teñan menor capacidade económica e de xestión"
En aplicación do Artigo 36, letra d) da LRBRL "a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se llas encomenden"
Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico – financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables aos fins deste convenio.
O artigo 63 da LSSG en relación coa cooperación e colaboración administrativa, establece que as Deputacións Provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de vinte mil habitantes; e ademais, a Xunta de Galicia (art. 64 LSSG) promovera unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e ao mantemento de servizos sociais comunitarios específicos; esta cooperación interadministrativa resulta reforzada polo artigo 64.bis, introducido pola Lei 9/2017, do 26 de decembro, que á súa vez reforza o carácter de competencia propia dos concellos en canto aos servizos comunitarios.
Enténdese que a cooperación administrativa con achegas recíprocas, é o aparello máis acaido e sustentable, organizativa e financeiramente, para o desenvolvemento conxunto de tarefas e para a obtención satisfactoria dun obxectivo común, neste caso mellorar os servizos públicos do Concello da Pontenova.
O propio artigo 57.3 da LBRL dá prevalencia a subscrición de convenios, como medios de cooperación, respecto doutras formas cooperativas como a constitución de consorcios; baseado na idea de evitar a creación de estruturas organizativas, cando non sexan necesarias e previa acreditación e que os fins perseguidos non se acadan vía convenio e que a figura consorcial é máis eficiente na asignación de recursos económicos.

SEXTO. A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia, que ten fundamento no dereito comunitario (Artigo 12.4 da Directiva 2014/24 UE do Parlamento Europeo e do Consello. Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público ao referirse a potestade de auto organización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual , cumprindo as condicións enmarcadas no Artigo 6.1 da mesma Lei de contratos do sector público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 50/117 |

SÉTIMO. O Decreto 99/2012, establece a caracterización de areas sociais para a planificación de referencia das dotacións de servizos sociais comunitarios. Sen prexuízo do desenvolvemento do título IV da LSSG, a planificación da rede de servizos sociais comunitarios básicos do sistema galego de servizos sociais terá en conta o expresado na citada norma regulamentaria. As áreas para a planificación de referencia de servizos sociais comunitarios definidas parten en todo caso dos concellos como unidade básica de prestación dos servizos, clasificándoos e agrupándoos de acordo con demarcacións caracterizadas por criterios poboacionais, sociais e xeográficos.
A tipoloxía das áreas establecese atendendo ás características que presentan, referidas fundamentalmente ao tamaño, densidade e dispersión poboacional, configuración orográfica, asi como, índices de dependencia, envellecemento e discapacidade. Deste xeito as áreas para a planificación de referencia de servizos sociais comunitarios clasifícanse nos seguintes tipos: áreas urbanas; áreas metropolitanas: áreas semiurbanas; areas rurais; e áreas rurais de alta dispersión.
O Concello da Pontenova, encádrase dentro da área rural 18, conxuntamente cos concellos de Begonte, Cospeito, Outeiro de Rei e Rábade, sendo estas áreas delimitadas atendendo ós ámbitos territoriais que presentan características propias dos núcleos de poboación establecidos no medio rural.

OITAVO.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que "son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común". (...) "Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público" (...).
Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer "Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:
a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)".
Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48. 9 da LRXSP).




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 51/117 |

NOVENO.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios e ao seu contido, o artigo 48 da amentada LRXSP, establece debemos estar ao establecido no artigo 48 da citada LRXSP, que se respecta neste convenio.

DÉCIMO.- A maior abastanza do previsto na lexislación de réxime local e sectorial de servizos socias, a cooperación coa administración municipal, como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo o art. 3.1.k da citada LRXSP que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán ”Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.
As técnicas de cooperación previstas no artigo 144, da LRXSP, aluden entre outros aspectos, a prestación de medios materiais, económicos ou persoais a outras administracións, aplicables ás actuacións patrimoniais, consonte coa lexislación patrimonial (artigos 183 e seguintes da Lei 33/2003, do 3 de novembro, en relación coa Disposición Adicional segunda da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma, en canto ás disposicións tamén aplicables ás Entidades Locais).
Estas técnicas de cooperación formalízanse mediante convenio interadministrativo ( Art. 144.2 da LRXSP).

DÉCIMO PRIMEIRO.- A Deputación de Lugo e o Concello da Pontenova exercen competencias compartidas, consonte ao establecido na normativa citada de réxime local e, nomeadamente na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e teñen a posibilidade legal de subscribir este convenio para o cumprimento dos fins previstos na normativa vixente ( art. 30 do TRLRL, entre outros).
A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.
A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, e ademais, encádrase no deber de colaboración xenérico e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada nos artigos 36 da LBRL, 141 da LRXSP e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación.
En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio de interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 52/117 |

# CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello da Pontenova en exercicio das súas competencias, para acadar fins comúns do remate das obras de construción dun Centro de atención a persoas maiores (en adiante CAM) no municipio da Pontenova. O CAM prestará os servizos autorizados pola autoridade competente en materia de política social, tendo en conta o futuro deseño do CAM.

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

| INVESTIMENTO | ACHEGA DEPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO DA | TOTAL ACHEGA |
|---|---|---|---|
| REMATE DA CONSTRUCIÓN DO CENTRO DE | 2.032.800,44 € | 0,00 € | 2.032.800,44 € |
| GASTOS DE DIRECCIÓN DE OBRA E EXECUCIÓN | 18.029,00 € | 0,00 € | 18.029,00 € |
| TOTAL | | | 2.050.829,44 € |

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o obxecto deste convenio, prestándose mutuamente a colaboración requirida.

SEGUNDA.- Ámbito territorial

O ámbito de desenvolvemento dos investimentos e futura actividade que son obxecto do presente convenio e que conducen a construción do equipamento será local e deberá dar servizo de atención a persoas maiores, como mínimo, ao municipio da Pontenova e, sempre que sexa posible, dentro dos parámetros de benestar e de organización e financiamento, poderá facerse extensivo aos concellos dos arredores.

TERCEIRA.- Fin común

Coa formalización do presente convenio pretendese rematar as obras de creación/construción do Centro de Atención a Persoas Maiores da Pontenova, para a súa posterior posta en marcha.

CUARTA.- Obrigas e compromisos das partes.

4.1. Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar o financiamento previsto na cláusula quinta.



| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 53/117 |

2. Obter ou actualizar os permisos e autorizacións sectoriais necesarias para a construción, agás os que sexan de competencia municipal.
3. Destinar a parcela con referencia catastral 6507011PJ4060N0001IK, da cal xa é titular, á construción do centro de atención a persoas maiores do Concello da Pontenova, parcela que atópase en solo urbano consolidado segundo consta na licencia urbanística xa concedida para executar o proxecto básico e de execución do Centro de Atención a Maiores CAM de A Pontenova, redactado polo arquitecto Jesús Bouza Fernández (código de validación:7673LFDP3NG2E5G3EMML9SWME).
4. Sempre que a lexislación vixente o permita, e así se acorde por parte do órgano competente, actuar como entidade encomendante ou entidade que realizará o encargo a un medio propio, exercendo as facultades que lle recoñece o artigo 32 da LCSP. A Deputación deberá comprobar e aceptar formalmente a obra, pasando a integrarse no patrimonio da Deputación, debendo quedar acreditado que a obra executouse correctamente. Finalizadas as obras obxecto do encargo, a Deputación Provincial de Lugo procederá, a través do responsable do encargo e da dirección facultativa, á comprobación material da súa correcta execución e ao levantamento da correspondente acta de recepción do encargo, acreditando a conformidade das obras co proxecto aprobado, sen prexuízo da documentación exixible conforme a Lei 38/1999, de Ordenación da Edificación, e demais normativa técnica aplicable. A devandita recepción determinará a finalización do encargo e permitirá a liquidación das actuacións executadas.
5. No caso de non encomendar as obras obxecto do convenio, a Deputación actuará como órgano de contratación e tramitar a contratación das obra, con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e recibir as obras, conforme aos trámites previstos nos artigos 243 e concordantes do LCSP.
6. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a achega da Deputación.
Non obstante ditas baixas, no suposto de obras, poderán utilizarse para financiar, no seu caso, ata o 10% do exceso de medicións recollido na certificación final e/ou para financiar os modificados.
7. Convidar á representación institucional do Concello da Pontenova aos actos oficiais relativos ao inicio, execución e finalización das obras.
8. Difundir a colaboración prestada por ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou similares), facilitadas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.
9. Executar as actuacións obxecto deste convenio dentro do prazo de vixencia establecido na cláusula sétima.
4.2. O Concello da Pontenova
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello da Pontenova, comprométese ao seguinte:
1. Prestar a colaboración requirida para que a Deputación execute os compromisos asumidos nos apartados precedentes e, en xeral, en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
2. Efectuar as achegas económicas previstas na cláusula quinta, conforme ao calendario de pagos.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 54/117 |

3. Tramitar e conceder as autorizacións, licenzas e permisos de competencia municipal necesarias para a execución das actuacións indicadas, con celeridade e sen custe económico para a Deputación de Lugo, así como, tramitar ou levar a cabo cantas actuacións sexan necesarias para obter os permisos e autorizacións competencia doutras administracións, de ser necesario.
4. Aplicar as bonificacións que sexan legalmente posibles aos tributos municipais que recaen na construción do centro de atención a persoas maiores e, de ser o caso, ás autorizacións requiridas tanto para construción, como para a posta en funcionamento.
5. Comparecer ao trámite de acta recepción das obras, se así o establecera a Deputación.
6. Encargarse da organización dos eventos que poidan derivarse da posta en funcionamento do centro de atención a persoas maiores de Pontenova.
7. Convidar á representación institucional da Deputación aos actos oficiais relativos á execución das obras do centro de atención a persoas maiores da Pontenova.
8. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fins.
9. Colaborar coa Deputación para cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP.
10. Aprobar, polo órgano que resulte competente, este convenio no prazo dun mes desde a aprobación pola Deputación e comunicar dito acordo ao ente provincial.

QUINTA.- Réxime económico.
A) ACHEGAS
1.- Achega da Deputación:
A Deputación de Lugo efectuará unha achega total de 2.050.829,44 € para afrontar os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio, distribuídos do seguinte xeito:
- Ano 2026: 704.454,63 € con cargo á aplicación orzamentaria 2315.622.55
- Ano 2026: 320.960,09 € con cargo á aplicación orzamentaria 2315.622
- Ano 2027: 1.025.414,72 con cargo á aplicación orzamentaria 2315.622
A Deputación adquire o compromiso de incluír no orzamento do ano 2027 tendo en conta que se trata dun gasto plurianual e polo tanto o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, en cumprimento do establecido na base 19 das bases de execución do vixente orzamento xeral.
2.-Achega do Concello:
O Concello da Pontenova efectuará unha achega atendendo ao Convenio interadministrativo entre esta Deputación Provincial e o Concello de A Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores (residencia e centro de día) no municipio de A Pontenova,




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 55/117 |

formalizado entre as partes o 21.02.2018, o cal considerase liquidado coa sinatura do presente convenio, quedando o calendario de pagamento do seguinte xeito:

| ANUALIDADE | IMPORTE |
|---|---|
| 2026 (dende agosto) | 27.500,00 € |
| 2027 | 66.000,00 € |
| 2028 | 66.000,00 € |
| 2029 | 44.031,38 € |
| TOTAL | 203.531,38 € |

No caso de impago da cantidade a achegar polo Concello da Pontenova, a Deputación poderá obter o ingreso do nominal da cantidade non desembolsada polo procedemento administrativo, con arranxo ás normas que para a recadación de fondos provinciais establece a lexislación de Réxime local e a que, por remisión desta, rexe para a exacción de ingresos de dereito público.

O importe a financiar polo Concello da Pontenova, será ingresado na conta da Deputación ES04-2080-0163-8531-1000-0423.

O Concello da Pontenova deberá remitir á Deputación Provincial os acordos adoptados de financiamento plurianual e no caso do orzamento vixente certificado de retención de crédito e, en todo caso, os compromisos de entrega de fondos en cumprimento deste convenio.

Porén o anterior, a Deputación poderá seguir vía ordinaria para reclamar o pagamento da cantidade co concello chegase a deber a esta Deputación, autorizando á Deputación para que realice a compensación da cantidade vencida e non pagada mediante retención das entregas a conta que teña que ingresar a Deputación ao Concello. Ditas retencións practicaranse logo da tramitación do correspondente expediente contraditorio.

B.- TITULARIDADE DOS RESULTADOS DA COOPERACIÓN:

Os resultados da cooperación serán compartidos, nos seguintes termos:

Rematada a construción do centro de atención a persoas maiores da Pontenova, efectuarase a recepción das obras pola Deputación de Lugo conforme coa lexislación vixente. A este trámite poderá comparecer a representación do Concello da Pontenova.

Unha vez finalizadas as obras e antes do inicio de actividade efectuaranse as operacións patrimoniais que procedan, de conformidade coa lexislación patrimonial, a efectos de inventario da Deputación.

Se facilitará a documentación e antecedentes de que dispoña cada unha das partes, a efectos de incorporar ao inventario que se determine, e para efectuar as operacións rexistrais procedentes.

Esta determinación non exclúe que, no futuro, en función do que se acorde conforme ao establecido no ordenamento xurídico, se instrumenten entre ambas administracións públicas operacións de xestión patrimonial para a prestación do servizo, como adscricións, mutacións e análogas.




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 56/117 |

SEXTA.-Colaboración coa Administración Autonómica
As partes asumen o compromiso de demandar da Xunta de Galicia a colaboración na construción/creación e no sustento do centro, a través, entre outros mecanismos, dos instrumentos xurídicos que permitan o financiamento e nomeadamente o convenio de colaboración con especial atención ao establecido no artigo 64 bis da LSSG.

SÉTIMA.- Vixencia do convenio interadministrativo.
A vixencia do presente convenio é de 4 anos a contar dende a súa formalización, en base ao establecido no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e con efectos económicos dende a súa formalización.

OITAVA.- Modificación
A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

NOVENA .- Extinción e efectos
O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.
Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 1 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.
O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).
A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo levarase a cabo por resolución presidencial. E a extinción do convenio por incorrer en causas de resolución efectuarase por acordo da Xunta de Goberno.

DÉCIMA.- Comisión de Seguimento.
Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control poderá constituírse unha Comisión Mixta de Seguimento, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 57/117 |

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.
O seu funcionamento acomodarase ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.
Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:
a) Velar polo cumprimento deste convenio.
b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.
De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.
Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

DÉCIMO SEGUNDA.-Protección de datos
O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

DÉCIMO TERCEIRA.- Carácter do convenio de cooperación.
O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 58/117 |

xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014:
"Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre se pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (…)".
Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo parágrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervenientes non teñen vocación de mercado (…), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público.
Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:
"As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:
(…) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (…)".
As partes comprométense a resolver de xeito amigable, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.
Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.
E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio"




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 59/117 |

**5º.-** Aprobar de xeito excepcional elevar as porcentaxes a que se refire o artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e conforme á Base 19 das Bases de Execución do Orzamento da Deputación de Lugo para a anualidade 2026, para o gasto plurianual vinculado ao Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello da Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes no remate das obras do Centro de Atención a Persoas Maiores (CAM) no Concello da Pontenova.

**6º.-** Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no citado convenio, que ascende á contía máxima de 2.050.829,44 €, distribuídos do seguinte xeito:
- Ano 2026: 704.454,63 € con cargo á aplicación orzamentaria 2315.622.55
- Ano 2026: 320.960,09 € con cargo á aplicación orzamentaria 2315.622
- Ano 2027: 1.025.414,72 con cargo á aplicación orzamentaria 2315.622

A Deputación terá que adquirir este compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2027, as cantidades sinaladas para cada anualidade".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

***7º.- Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Sarria para a execución dos fins comúns consistentes na cooperación no financiamento dos gastos derivados da organización e execución da actuación" Vibra Xoán 2026.***

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico, Normalización Lingüística, e Memoria Histórica, do seguinte teor:

"Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Cultura que se transcribe:

"En relación co escrito, presentado por don Claudio Melquiades Garrido Martínez, en nome e representación do Concello de Sarria, con CIF: P2705700I, con data 05/06/2026 e RE, nº: 2026RT012773 (Expediente 2026/PES_03/011920), mediante o cal solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta polo Concello de Sarria e a Deputación Provincial de Lugo dunha actuación na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de cooperación no financiamento de gastos derivados da organización e execución de "Vibra Xoán 2026", procede emitir o seguinte INFORME:




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 60/117 |

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para a cooperación no financiamento de gastos derivados da organización e execución de "Vibra Xoán 2026" enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
Os convenios das administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como se establece nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; no artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e nos artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo, apoiado no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante LRXSP), que sinala a definición de convenios, establecendo que "son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.
Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que "Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:
"Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)".
Ademais, o art. 36.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do rexime local, atribúe competencias ás deputacións en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito, ou prestar asistencia e cooperación económica aos concellos. Pola súa parte, o art. 109 da LALGA atribúelles ás deputacións competencias de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, e en xeral no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, de xeito que cabe subsumir nas ditas materias, formas específicas de cooperación económica como a concesión de achegas económicas recollida no art. 114.c) da LALGA, ou, segundo prescribe o art. 118 do mesmo texto, organización de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 61/117 |

2. A Memoria explicativa e xustificativa da solicitude sinala que os fins comúns de subscrición do convenio interadministrativo se refiren á cooperación no financiamento dos gastos derivados da organización e execución de “Vibra Xoán 2026”, un evento musical dentro das festas patronais de San Xoán 2026, que se realizará no Campo de Rugby de Sarria o día 27 de xuño de 2026.
En canto á necesidade e oportunidade de subscrición deste convenio, con esta actuación trátase de ofrecer atractivos e reclamos culturais con motivo das festas patronais, dentro de conxunto de solemnidades con que o Concello de Sarria celebra anualmente a data do seu santo patrón, San Xoán; así como potenciar o seu recoñecemento e popularidade, dado que se produce a afluencia de numeroso público achegado de diversos lugares.
A programación do festival musical Vibra Xoán 2026 prevé:
a) Actuación de Mrs Fine
b) Actuación de The Ranpants
c) Actuación de La Duendeneta DJ
En relación ao seu impacto económico, esta actuación posibilitará a mobilización da poboación que demanda o mantemento das tradicións festivas para as vindeiras xeracións e o desenvolvemento de actividades culturais con motivo das festas patronais; e, así mesmo, suporá un motor fundamental das estratexias de diversificación dado que axuda a enriquecer a oferta cultural da provincia, así como a atraer a diferentes públicos pola combinación de música e tradición.
Así mesmo, a presenza de peregrinos de moitas nacionalidades no marco destas festas estivais, propicia a súa participación nos diversos eventos que se desenvolven, de xeito que se produce un impacto económico moi destacado na hostalaría, na restauración, comercios, guías, etc.
Efectivamente, da lectura do Convenio Interadminstrativo de actuación a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Sarria, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire “á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial”, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, “o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”.

3. O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 62/117 |

"As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:
(...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)".
Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non lles resulta de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

4. En canto ao órgano competente para a aprobación do convenio, resulta de aplicación o artigo 59.18 do Regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202, de data 3 de setembro de 2020, que sinala que lle corresponde á Xunta de Goberno aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a; e tendo en conta o establecido no artigo 118.1 Lei 9/2017, de 8 de novembros de contratos do sector público, que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00 €, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno da Deputación, atendendo ao importe económico do Convenio.
A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 25.000,00€ para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello de Sarria, de acordo co orzamento previsto, comprométese a realizar unha achega económica de 25.444,22€; e, así mesmo, asumirá o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.

5. Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, INFÓRMASE FAVORABLEMENTE: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Sarria para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no financiamento de gastos derivados da organización e execución de "Vibra Xoán 2026".

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Sarria para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no financiamento dos gastos derivados da organización e execución de "Vibra Xoán 2026" por importe total de 50.444,22€.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 63/117 |

CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE SARRIA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "VIBRA XOÁN 2026" NO CONCELLO DE SARRIA, ANO 2026.

[APROBADO POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA DE DE 2026]

(asinado dixitalmente na data que consta no pé de páxina)

INTERVEÑEN

Dona María del Carmen López Moreno, Presidenta da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local, e, no seu nome, Iria Castro Fernández, deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico – Artístico e Normalización Lingüística, en virtude de Resolución de Presidencia de data 16 de xaneiro de 2026.

Don Claudio Melquiades Garrido Martínez, como Alcalde do Concello de Sarria, con N.I.F P2705700I e sede social na Rúa Maior, 14 CP 27600, Sarria (Lugo), actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Don José Antonio Mourelle Cillero, actuando como Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

Recoñecendo a capacidade xurídica e a representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".

SEGUNDO.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:
"Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 64/117 |

dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.
Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".
Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:
"Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: 1 a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito
público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)".

TERCEIRO.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: "1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)".

CUARTO: Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas". Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a)"lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".
Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: " 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 65/117 |

voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".

QUINTO.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.
O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:
"1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)
2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados
3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)
6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"
A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

SEXTO.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).
Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)".




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 66/117 |

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).
Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

SÉTIMO.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.
A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.
Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.
A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrétanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

OITAVO.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 67/117 |

Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).
Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

NOVENO.-A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.
Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente subscriben, en nome das entidades ás que representan, o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.
Este convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Sarria en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detallan a continuación:

| Actuación<br>Organización e execución da actuación "Vibra Xoán 2026" | CUSTE TOTAL (IVE Engadido) |
|---|---|
| • Escenario para as actuacións | 2.299,00€ |
| • Instalación de equipos de son con asistencia técnica e instalación de equipos de iluminación con asistencia técnica | 9.459,42€ |
| • Sanitarios portátiles e servizo de entrega e recollida | 1.125,30€ |
| • Limpeza de local para camerinos | 423,50€ |
| • Actuación de Mrs. Fine | 1.200,00€ |
| • Actuación de La Duendeneta DJ | 1.452,00€ |
| • Actuación de The Rapants | 34.485,00€ |
| CUSTE TOTAL | 50.444,22 € |




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 68/117 |

No suposto de que se produzan alteracións poderán compensarse entre si os distintos importes sempre que tódalas actuacións ou os gastos relacionados se atopen executados e pagados.
Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións, comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

| ACHEGA DEPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO |
|---|---|
| 25.000,00 € | 25.444,22 € |
| TOTAL: 50.444,22 € | |

As achegas económicas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta.
Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

SEGUNDA.- Ámbito territorial
O ámbito de desenvolvemento da actuación obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Sarria

TERCEIRA.- Fin común
Coa formalización do presente convenio pretendese colaborar no financiamento dos gastos derivados da organización e execución da actuación "Vibra Xoán 2026" do Concello de Sarria. Trátase de ofrecer atractivos e reclamos culturais con motivo das festas patronais, dentro do conxunto de solemnidades con que o Concello de Sarria celebra anualmente a data do seu santo patrón: San Xoán, así como potenciar o seu recoñecemento e popularidade.

CUARTA.- Obrigas e compromisos das partes.
4.1. Deputación Provincial de Lugo
En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:
-Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
- En caso de producirse baixas, na licitación ou na execución, reducir a achega comprometida polo concello ou, previa solicitude do concello, autorizar a aplicación dos remanentes na licitación ou execución doutra actuación que deberá ter a mesma finalidade
4.2. O Concello de Sarria:
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Sarria, comprométese ao seguinte:
1.Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 69/117 |

2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.
3. O prazo de execución da actuación obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2026
4.Realizar as tramitacións xurídico administrativas necesarias para a executar o obxecto do convenio con suxeición á normativa vixente
5. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
6. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coa actuación obxecto deste convenio.
7. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial segundo o establecido na cláusula décimo primeira.
8. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
9. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
10. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

QUINTA.- Réxime económico.
A) ACHEGAS:
1.- Achega da Deputación:
A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 25.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 3340.46200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2026 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.
2.-Achega do Concello:
O Concello de Sarria efectuará unha achega de 25.444,22€ e financiará o importe que reste e sexa necesario para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.
B) TITULARIDADE DO RESULTADO DA COOPERACIÓN:
O resultado da cooperación será de titularidade compartida coa poboación, posto que os efectos a nivel cultural, turístico, económico e social son comúns e benefician ao municipio de Sarria, aos limítrofes da comarca e, en xeral, a toda a provincia.
C) XUSTIFICACIÓN DA ACHEGA ECONÓMICA.
O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Sarria se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 31 de marzo de 2027. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:
- Memoria de actuacións realizadas.
- Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:
a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 70/117 |

b) O custo total da actuación desenvolta e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
c) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.
e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución da actuación obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.
(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)
- Declaración responsable emitida polo representante do Concello na que se recolla:
1. Que o concello asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)", por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)
- Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.
O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.
Unha vez aprobada a conta xustificativa se procederá ao seu aboamento.

SEXTA.- Anticipo.
A Deputación Provincial de Lugo poderá realizar un aboamento anticipado, con dispensa de garantía, de ata o 80 % do importe total financiado, é dicir, anticipar 20.000,00€
Neste caso, o representante do Concello deberá remitir a seguinte documentación:
1. Solicitude do anticipo.
2. Declaración responsable na que conste:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 71/117 |

- Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- Que o concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
(o modelo de declaración será facilitado polo centro xestor do convenio)
3. Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do anticipo.
O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

SÉTIMA.- Vixencia do convenio interadministrativo.
A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2026.
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de marzo 2028, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2027, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

OITAVA.- Modificación.
A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

NOVENA .- Extinción e efectos.
O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.
Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.
O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 ( LRXSP).
A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo levarase a cabo por resolución presidencial. E a extinción do convenio por incorrer en causas de resolución efectuarase por acordo da Xunta de Goberno.

DÉCIMA.- Comisión de Seguimento.
Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 72/117 |

control poderá constituirse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.
Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.
O seu funcionamento acomodarase ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.
Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:
a) Velar polo cumprimento deste convenio.
b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.
Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.
O Concello incorporará os "logotipos" institucionais da Deputación Provincial de Lugo nos soportes que aludan ou informen da actuación obxecto do convenio. para o que poderá solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial.
De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.
Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

DÉCIMO SEGUNDA.-Protección de datos
O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 73/117 |

Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

DÉCIMO TERCEIRA.- Carácter do convenio de cooperación.
O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: " Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)". Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:
"As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:
(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)".

As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 74/117 |

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio.

**2º.-** Aprobar o gasto de 25.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.46200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2026, a favor do Concello de Sarria, para a cooperación no financiamento de gastos derivados da organización e execución de". Vibra Xoán 2026".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

***8º.- Proposta de aprobación de addenda de modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Sarria co obxecto de cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Execución da actuación de mellora nas pistas deportivas do Complexo Deportivo Municipal de O Chanto" no Concello de Sarria, ano 2025. (aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 30 de decembro de 2025).***

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Deportes no que literalmente se indica:

Asunto: Modificación mediante addenda do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Sarria para a execución das actuacións consistentes na "EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE MELLORA NAS PISTAS DEPORTIVAS DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE O CHANTO" no Concello de Sarria, ano 2025.

En relación ao asunto de referencia emítese o seguinte informe:

Primeiro.- O 12 de xaneiro de 2026 asinouse o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Sarria para a execución das actuacións consistentes na "EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE MELLORA NAS PISTAS DEPORTIVAS DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE O CHANTO" no Concello de Sarria, ano 2025, aprobado por acordo de Xunta de Goberno de 30 de decembro de 2025.





| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 75/117 |

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Sarria en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detallan a continuación:

| Actuacións | CUSTE TOTAL |
|---|---|
| "EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE MELLORA NAS PISTAS DEPORTIVAS DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE O CHANTO E HONORARIOS" | 243.470,45€ |
| CUSTE TOTAL | 243.470,45 € |

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

| ACHEGA DEPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO |
|---|---|
| 243.470,45€ | 0,00 € |
| TOTAL: 243.470,45 € | |

As achegas económicas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta.
Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.
Na súa virtude, o Concello de Sarria comprometeuse, entre outros, a executar as actuacións relacionadas co obxecto deste convenio dende o 1 de xaneiro 2025 ata o 30 de setembro de 2026. E así mesmo, asumiu a obriga de presentar ante a Deputación Provincial de Lugo a respectiva conta xustificativa das actuacións e dos gastos realizados, unha vez transcorrido o prazo de execución das actuacións previstas e contempladas no referido convenio, no prazo inicialmente previsto que abarca ata o 31 de outubro de 2026 para a xustificación dos gastos executados.

Segundo.- O representante legal do Concello de Sarria remitiu escrito, o 12/06/2026 (2025/PES_03/023590) e número de rexistro 2026RT013173, emendas de data 19/06/2026 (2026RT0135539) e 03/07/2026 (2026RT014236) solicitando a modificación do convenio asinado no que atinxe á custe total do convenio (243.470,45€), as achegas económicas a realizar pola Deputación de Lugo (243.470,45€) e polo Concello de Sarria (0,00€), data límite de execución dos investimentos (30 de setembro de 2026) e, no relativo á data de xustificación dos gastos executados (31 outubro 2026).
No seu escrito, o Concello de Sarria expón como causas da referida solicitude de modificación do convenio e incremento de prazos:
"fíxose necesaria unha revisión ou actualización dos prezos reflectidos no proxecto técnico que foi licitado inicialmente e para aquelas unidades de obras nas que o cálculo do seu prezo no momento de redactarse resulta inferior en relación ó seu valor do mercado no momento previo á licitación, coa finalidade de dar cobertura á debida garantía dos principios reitores que han de rexer a contratación pública, o equilibrio económico entre as partes contratantes, que podería xerar unha irregularidade constitutiva de nulidade".
O Concello de Sarria xustifica, por tanto, a súa solicitude de modificación do convenio de referencia e consecuente modificación dos prazos de execución e xustificación




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 76/117 |

relativos á actuación “EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE MELLORA NAS PISTAS DEPORTIVAS DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE O CHANTO” no Concello de Sarria, ano 2025 na imposibilidade material de executar as actuacións financiadas dentro dos prazos establecidos e coas achegas económicas acordadas en dito convenio, indicando que as actuacións a realizar dentro deste convenio son as que se describen a continuación:

| CONCEPTO | IMPORTE | IVE | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Pista de fútbol 5 | 138.600,00€ | 29.106,00€ | 167.706,00€ |
| 2 pistas de tenis | 51.750,00€ | 10.867,50€ | 62.617,50€ |
| 1 pista de pádel (frontón) | 18.568,40€ | 3.899,36€ | 22.467,76€ |
| Xestión de residuos | 5.100,00€ | 1.071,00€ | 6.171,00€ |
| Control de calidade | 3.800,00€ | 798,00€ | 4.598,00€ |
| Honorarios técnicos | 23.350,00€ | 4.903,50€ | 28.253,50€ |

Terceiro.- En todo caso, acreditada a concorrencia de interese común e visto que non se alterarían as condicións esenciais do documento inicial, a xuízo do servizo de Deportes, e á vista das circunstancias expostas polo Concello de Sarria, a petición de modificación de prazos formulada ha de encaixarse atendendo as necesidades expostas polo Concello de Sarria, e así mesmo, ao equilibrio nas previsións de trámites ordinarios derivados da revisión e posible emenda de documentación prevista no convenio, dos trámites do propio servizo de Deportes e dos demais servizos da Deputación afectados, polo que se considera procedente asumir a petición expresa do concello de Sarria no relativo ao incremento do importe total do convenio cun custe total da execución da actuación (ive incluído) 291.813,76€, das achegas económicas das partes correspondendo a Deputación 273.470,45€ e ao Concello de Sarria 18.343,31€, e do novo prazo de execución, situándoo na data 31 de outubro de 2026 de acordo ás causas reflectidas na solicitude, e así mesmo atender a petición formulada pola administración local no relativo a establecer un novo prazo de xustificación, situando como nova data límite o 15 de novembro de 2026 para a xustificación dos gastos executados obxecto do convenio.

Cuarto.- No que á modificación do convenio respecta, a administración local realiza a petición ao abeiro da cláusula oitava do convenio de referencia que reflicte expresamente:
OITAVA.- Modificación
A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 77/117 |

Ha de terse en conta que a modificación dos prazos obxecto de solicitude non altera as condicións esenciais do convenio aprobado, dado que só se refire á ampliación dos prazos de execución e xustificación indicados anteriormente e previstos no documento convenio inicial.

Por todo o exposto, a xuízo do servizo de Deportes procede informar favorablemente a modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Sarria para a execución das actuacións consistentes na "EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE MELLORA NAS PISTAS DEPORTIVAS DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE O CHANTO" no Concello de Sarria, ano 2025, formalizado o 12 de xaneiro de 2026, nos termos da addenda que se incorpora ao expediente.

Á vista do informe favorable do servizo de Deportes, analizada a petición e causas expostas pola administración local e as previsións recollidas no convenio aprobado.

Á vista do informe favorable do servizo de Contratación e Secretaría Xeral

Á vista do informe de Intervención

Por todo o exposto, o deputado que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Sarria para a execución dos fins comúns consistentes na "EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE MELLORA NAS PISTAS DEPORTIVAS DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE O CHANTO" NO CONCELLO DE SARRIA, ANO 2025, formalizado o 12 de xaneiro de 2026, nos termos da addenda que se incorpora ao expediente:
ADDENDA AO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE SARRIA CO OBXECTO DE COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE MELLORA NAS PISTAS DEPORTIVAS DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE O CHANTO" NO CONCELLO DE SARRIA, ANO 2025.

(APROBADA POR ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO DE DATA DE DE 2026)

En Lugo, a ...........de ............... de

REUNIDOS

Dunha parte, dona María del Carmen López Moreno, Presidenta da Deputación Provincial de Lugo, con C.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local e, no seu nome, don Efrén Castro Caloto, en virtude da resolución presidencial de data 16 de xaneiro de 2026.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 78/117 |

E doutra, don Claudio Melquiades Garrido Martínez, Alcalde do Concello de Sarria, con N.I.F P2705700I e sede social na Rua Maior 14, CP 27600, Sarria, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases
do réxime local.

Actuando don José Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

E actuando as partes en razóns das súas respectivas competencias e recoñecéndose poderes e facultades para formalizar a presente addenda,

EXPOÑEN

Primeiro.- O 12 de xaneiro de 2026 asinouse o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Sarria para a execución das actuacións consistentes na "EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE MELLORA NAS PISTAS DEPORTIVAS DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE O CHANTO" NO CONCELLO DE SARRIA, ANO 2025, aprobado por acordo de Xunta de Goberno de 30 de decembro de 2025.

Segundo.- O representante legal do Concello de Sarria remitiu escrito, o 12/06/2026 (2025/PES_03/023590) e número de rexistro 2026RT013173 e emendas de data (número de rexistro) 19/06/2026 (2026RT013553) e 03/07/2026 (2026RT014236), no que literalmente se recolle o seguinte:
"fíxose necesaria unha revisión ou actualización dos prezos reflectidos no proxecto técnico que foi licitado inicialmente e para aquelas unidades de obras nas que o cálculo do seu prezo no momento de redactarse resulta inferior en relación ó seu valor do mercado no momento previo á licitación, coa finalidade de dar cobertura á debida garantía dos principios reitores que han de rexer a contratación pública, o equilibrio económico entre as partes contratantes, que podería xerar unha irregularidade constitutiva de nulidade.
Como consecuencia das circunstancias sobrevidas, temos que manifestar que resulta materialmente imposible executar as actuacións financiadas dentro dos prazos establecidos e coas achegas económicas acordadas en dito convenio".

En base ao anteriormente exposto, as partes acordan modificar o convenio de colaboración de referencia, mediante esta addenda e de conformidade coas seguintes:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 79/117 |

## CLÁUSULAS

Primeira.- a Cláusula PRIMEIRA.- Obxecto do amentado convenio queda redactada do seguinte xeito:
Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Sarria en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detallan a continuación:

| Actuacións | CUSTE TOTAL |
|---|---|
| "EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE MELLORA NAS PISTAS DEPORTIVAS DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE O CHANTO E HONORARIOS" | 291.813,76€ |
| CUSTE TOTAL | 291.813,76€ |

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

| ACHEGA DEPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO |
|---|---|
| 273.470,45€ | 18.343,31€ |
| TOTAL: 291.813,76€ | |

As achegas económicas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta.
Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- A Cláusula CUARTA.- Obrigas e compromisos das partes. queda redactada do seguinte xeito:
4.1. Deputación Provincial de Lugo
En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:
1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
2. En caso de producirse baixas, na licitación ou na execución, reducir a achega comprometida polo concello ou, previa solicitude do concello, autorizar a aplicación dos remanentes na licitación ou execución doutra actuación que deberá ter a mesma finalidade.
Non obstante ditas baixas, no suposto de obras, poderán utilizarse para financiar, no seu caso, ata o 10% do exceso de medicións recollido na certificación final e/ou para financiar os modificados.
4.2. O Concello de Sarria:
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Sarria, comprométese ao seguinte:
1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido
2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 80/117 |

3. O prazo de execución da actuación obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro 2025 ata o 31 de outubro de 2026.
4. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución da actuación con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
5. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
6. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actuacións obxecto deste convenio.
7. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial segundo o establecido na cláusula décimo primeira.
8. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.
9. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
10. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.
11. Destinar o obxecto do convenio ao fin para o que foi concedido (2 anos en subministros e servizos e 5 anos en obras).

Terceira.- Claúsula QUINTA.- Réxime económico.
A) ACHEGAS:
1.- Achega da Deputación:
A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 243.470,45 € con cargo á aplicación orzamentaria 3410.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025, e unha achega de 30.000,00€ con cargo a aplicación orzamentaria 3410.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2026, para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.
2.-Achega do Concello:
O Concello de Sarria efectuará unha achega de 18.343,31€€ e financiará o importe que reste e sexa necesario para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.
B) TITULARIDADE DO RESULTADO DA COOPERACIÓN:
O resultado da cooperación será do Concello de Sarria
C) XUSTIFICACIÓN DA ACHEGA ECONÓMICA.
O prazo previsto para que dende o concello de Sarria se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 15 de novembro de 2026.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:
-Memoria de actuacións realizadas.
- Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 81/117 |

a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.
b) O custo total das actuación desenvolta e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos das actuacións atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
c) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.
e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución das actuacións obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.
(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)
- Resolución ou acordo de adxudicación
- Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificarase coa acta de conformidade asinada polos que participaron na comprobación material da inversión ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con arranxo ás condiciones xerais e particulares que, en relación con elos, fosen previamente establecidas.
Declaración responsable emitida polo representante do Concello na que se recolla:
1. Que o Concello asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)", por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
4. Destino do ben (5 anos en obras e 2 anos en subministros e servizos)
(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)
- Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.
O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 82/117 |

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Cuarta.- O resto das cláusulas do convenio asinado permanecen inalteradas en tanto non se ven afectadas por esta addenda.

E para que así conste, en proba de conformidade de canto antecede, asinan a presente addenda, que consta de 5 páxinas numeradas, en triplicado exemplar, e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento, do que como secretario dou fe.

**2º.-** Aprobar o gasto, por importe de 30.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2026, a favor do Concello de Sarria, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación para afrontar os gastos derivados da addenda do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Sarria para a execución das actuacións consistentes na "EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE MELLORA NAS PISTAS DEPORTIVAS DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE O CHANTO" no Concello de Sarria, ano 2025, aprobado por acordo de Xunta de Goberno de 30 de decembro de 2025".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- ESTABLECEMENTO DUN ENCARGO DA DEPUTACIÓN DE LUGO AO SEU MEDIO PROPIO PERSONIFICADO NA EMPRESA TRAGSA PARA A EXECUCIÓN DOS TRABALLOS DE TERMINACIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A MAIORES DE A PONTENOVA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Logo de ver no expediente administrativo os informes do Servicio de Arquitectura de fecha 28 de xullo do 2026, IV7662XNLFOKTT5IQ5UDA5SDKQ, no que que se expón a necesidade de rematar as obras do centro de atención a maiores de A Pontenova, e que literalmente di:

1. ANTECEDENTES.

PRIMEIRO. - O día 21.02.2018 Darío Campos Conde en calidade de Presidente e representante da Deputación Provincial de Lugo e Francisco Martínez Bermúdez Tenente de Alcalde actuando en nome e representación do Concello de A Pontenova asinaron o "Convenio Interadministrativo de colaboración para a execución dos fins comúns consistentes en: adquisición de terreos e construción de complexo




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 83/117 |

residencial para persoas maiores no Concello de A Pontenova" por un importe total de 1.525.000,00 €".
O 31.05.2019, as mesmas persoas representado a cada unha das dúas entidades, asinan unha "Addenda ao Convenio interadministrativo de cooperación" anterior para modificar a contía e a vixencia pasando dun orzamento total de 1.525.000,00 € a 2.209.057,03 € e unha data límite, salvo prorroga expresa antes da súa finalización, o 31 de decembro de 2021.
Na cláusula terceira de esta addenda estableces a obriga da Deputación para adquirir os terreos, licitar, rematar e recibir as obras do centro de atención a maiores.

SEGUNDO. – Na Xunta de Goberno, en sesión celebrada o día 14.05.2021, aprobouse o proxecto, o expediente de contratación, o procedemento, o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto correspondente a obra de A PONTENOVA.- CENTRO DE ATENCIÓN A MAIORES (CAM) (EX016OB20AB).

TERCEIRO. - O día 15.10.2021 acordase adxudicar , en Xunta de Goberno, a contratación da obra á empresa "Construcciones Jesús Naray SL" con CIF B-27156231, por un importe de 1.977.569,00 €.

CUARTO. – En data 23.08.2022 formalizase o contrato administrativo.

QUINTO. - A acta de comprobación do reformulo foi asinada con data 15.09.2022.

SEXTO. – Por Resolución da Presidencia de data 06.10.2023 concedeuse ampliación do prazo de execución da obra indicada ata o 15.04.2024, para dar cumprimento ás prestacións contractuais. Do mesmo xeito por Resolución da Presidencia de 12.04.2024 concedeuse unha nova ampliación do prazo de execución ata o 15.12.2024.

SÉTIMO.- Por Resolución da Presidencia de data 18.12.2024 aprobouse autorización para redacción de modificación do proxecto da obra, así como ampliación do prazo de execución da obra indicada ata o 15.08.2025, para dar cumprimento ás prestacións contractuais, unicamente para a continuación das obras previstas no proxecto inicial. (Non se produciu a aprobación do dito modificado polo órgano de contratación).
OITAVO.- O día 14 de xullo a empresa contratista comunica a suspensión unilateral dos traballos debido a imposibilidade técnica e económica de continuar a execución ata a aprobación dun proxecto modificado.

NOVENO. – Na Xunta de Goberno de data 05.09.2025 adoptase o acordo para desestimar a solicitude de ampliación de prazo por resultar improcedente, téndose superado de xeito palmario a data de finalización dos traballos, e o inicio do procedemento para a resolución do contrato administrativo de obras para a construción dun centro residencial no Concello da Pontenova adxudicado á entidade construcciones Jesús Naray SL por concorrer incumprimentos, imputables ó contratista, resultando os mesmos o incumprimento de obrigas esenciais, que o prego




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 84/117 |

configura como causa de resolución contractual e que frustran o contrato así mesmo por incumprimento da obriga principal.

DÉCIMO. - Por Resolución da Presidencia de data 29.01.2026 resólvese o contrato para a construción do Centro de atención a Maiores (CAM) adxudicado a entidade Construcciones Jesús Naray S.L, por incumprimento do prazo total, incumprimento da obriga principal do contrato e doutra obriga esencial da posta a disposición dos medios comprometidos na oferta, atendendo as causas de resolución previstas nas letras d) e f) do artigo 211.1 da LCSP, desestimando as alegacións formuladas polo contratista o 15 de setembro de 2025.

2. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE.

PRIMEIRO. - A Deputación Provincial de Lugo considera unha necesidade a de garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia e a de atender a poboación maior, sendo estes un dos colectivos mais numerosos e desprotexido na actualidade no nosa comunidade autónoma..
Ademais, a Deputación ten como fins propios e específicos os enumerados no art. 31.2 da LRBRL, incluído o de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social.
A Deputación na súa función de asistencia ós concellos procede a elaboración do proxecto e a construción dun centro de atención a maiores no concello de A Pontenova, a través dun Convenio e unha Addenda a este entre as dúas administracións.
Por circunstancias alleas a súa vontade a Deputación Provincial de Lugo non puido cumprir coas obrigas e compromisos fixados en dito Convenio.
Poren, a Deputación de Lugo considera que a necesidade pola que se iniciou a construción deste centro de atención a maiores sigue vixente a día de hoxe e para poder cumprir coa obrigación, fixada anteriormente, realizase o estudo e a nova formalización dun convenio de colaboración.

SEGUNDO. - A Deputación Provincial de Lugo conta con Empresa de Transformación Agraria S.A.; S.M.E; M.P. (TRAGSA) como medio propio personificado e servizo técnico.

TERCEIRO. - A empresa TRAGSA, dende a súa condición de medio propio personificado das distintas administracións públicas, presta eficazmente os servicios demandados no ámbito ambiental, no desenvolvemento rural e na xestión de recursos e procesos e contribúe adaptando e aplicando a experiencia e os coñecementos desenvolvidos nestas áreas a outros ámbitos da acción pública, contribuíndo ao desenvolvemento social e asegurando a sostebilidade económica e ambiental mediante solucións innovadoras e diversas.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 85/117 |

Ademais ofrece:
• Proporcionar, dende a súa condición de medio propio instrumental das administracións públicas territoriais, respostas inmediatas e eficaces, no marco do obxecto social do Grupo tal e como está establecido na súa normativa reguladora.
• Asegurar rigor e eficacia na execución material dos traballos e servizos encargados.
• Maximizar o valor da empresa como instrumento executivo das políticas públicas, a través dunha xestión eficiente e transparente.
• Aportar os máis altos estándares de calidade nas súas actividades e buscar a mellora continua dos procesos e servizos.
• Establecer procesos, estruturas, sistemas de evacuación e canles de comunicación solventes que permitan atender as expectativas e requirimentos das distintas administracións.
• Promover a investigación, o desenvolvemento e a innovación e a incorporación das tecnoloxías mais innovadoras.
• Consolidar os obxectivos de equilibrio e continuidade do Grupo no marco da súa contribución o desenvolvemento sostible.

CUARTO. - Por todo o exposto e tendo en conta que a empresa TRAGSA como medio propio personificado e servizo técnico e de acordo co establecido no artigo 30.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público;
SOLICÍTASE que se leven a cabo todos os trámites que, resulten necesarios para o establecemento do encargo da Deputación de Lugo o seu medio propio personificado para a execución dos traballos de terminación do Centro de Atención a Maiores de A Pontenova.

3. PRAZO DE DURACIÓN DO ENCARGO.

A duración deste encargo establecese para un máximo de doce meses, en base ao programa de traballo e actuacións previstas.

4. XUSTIFICACIÓN NON DIVISIÓN EN LOTES.

Os artigos 116.4.g) e 99.3 establecen que sempre que a natureza ou o obxecto do contrato o permitan, deberase prever a realización independente de cada unha das súas partes mediante a súa división en lotes. Sen embargo, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente.
Segundo o obxecto do contrato, os traballos de terminación do Centro de atención a Maiores, non procede a división en lotes xa que coa realización independente das diversas prestacións comprendidas no mesmo dificultase a súa correcta execución dende o punto de vista técnico ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións e a execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.
Tendo en conta, ademais, que se trata de traballos de terminación dunha obra que tampouco procedía a súa división en lotes.




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 86/117 |

5. ORZAMENTO PARA O ESTABLECEMENTO DO ENCARGO E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO.

Defínese o orzamento para o establecemento do encargo da Deputación ao seu medio propio personificado para os traballos de terminación do Centro de atención a maiores de A Pontenova, en base a información contida no documento de medicións e presupostos.
Segundo se recolle nos artigos 100 e 101 da LCSP o orzamento base de licitación e adecuado os prezos de mercado e cunha indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo sempre os custos laborais se existisen.
Asemade as tarifas deste encargo foron aprobadas por Resolución de 24 de abril de 2026, de la Subsecretaría de Hacienda, por la que se publica el Acuerdo de la Comisión para la determinación de tarifas de TRAGSA, por el que se aprueban las tarifas 2026 aplicables a las actuaciones a realizar por TRAGSA y TRAGSATEC para aquellas entidades respecto de las cuales tenga la consideración de medio propio personificado y servicio técnico en los términos previstos en la Ley 9/2017 de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, y se revisan los coeficientes para la actualización de los precios simples en actuaciones no sujetas a impuestos (BOE de 28 de abril de 2026).

**RESUMO XERAL DO ORZAMENTO**

| | | | |
|---|---|---|---|
| **01** | **OBRA.....................................................................................** | | **1.171.459,93** |
| 01.01 | MOVIMIENTO DE TIERRAS | 19.082,65 | |
| 01.02 | CIMENTACION | 92.377,88 | |
| 01.03 | ESTRUCTURA | 690,41 | |
| 01.04 | CUBIERTA | 44.406,13 | |
| 01.05 | ALBAÑILERIA | 22.965,54 | |
| 01.06 | PAVIMENTOS | 277.635,51 | |
| 01.07 | CARPINTERIA | 258.217,25 | |
| 01.08 | REVESTIMIENTOS | 136.005,09 | |
| 01.09 | APARATOS SANITARIOS | 74.917,13 | |
| 01.10 | ELEVACION | 29.129,32 | |
| 01.11 | CIERRE | 61.523,45 | |
| 01.12 | GESTION DE RESIDUOS | 13.473,35 | |
| 01.13 | SEGURIDAD Y SALUD EN LA OBRA | 11.356,49 | |
| 01.14 | URBANIZACIÓN | 114.286,15 | |
| 01.15 | IMPLANTACIÓN EN OBRA | 15.393,58 | |



| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 87/117 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **02** | **INSTALACIONES** | | **508.356,19** |
| 02.01 | MOVIMIENTO DE TIERRAS | 6.532,35 | |
| 02.02 | SANEAMIENTO HORIZONTAL | 32.958,13 | |
| 02.03 | ELECTRICIDAD | 63.192,76 | |
| 02.04 | ILUMINACIÓN | 87.591,75 | |
| 02.05 | TELECOMUNICACIÓN | 73.420,41 | |
| 02.05.01 | INSTALACION RTV | 4.383,10 | |
| 02.05.02 | CABLEADO ESTRUCTURADO | 16.442,67 | |
| 02.05.03 | RED INALAMBRICA - WIFI | 2.669,90 | |
| 02.05.04 | LLAMADA PACIENTE-ENFERMERA Y VIDEOPORTEROS | 40.521,09 | |
| 02.05.05 | INTRUSION | 4.969,61 | |
| 02.05.06 | CANALIZACIONES | 4.434,04 | |
| 02.06 | FONTANERÍA Y SANEAMIENTO | 27.991,37 | |
| 02.06.01 | FONTANERÍA | 14.553,04 | |
| 02.06.02 | SANEAMIENTO | 13.438,33 | |
| 02.07 | VENTILACIÓN | 47.062,30 | |
| 02.08 | CALEFACCIÓN Y PRODUCCIÓN ACS | 92.626,18 | |
| 02.09 | PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS | 56.888,70 | |
| 02.10 | GLP E IRG | 20.092,24 | |

| | |
|---|---|
| **Costes Directos Totales** | **1.679.816,12** |
| 5,73 % Costes Indirectos s/1.679.816,12 | 96.253,46 |
| 4,05 % Gastos Generales s/1.776.069,58 | 71.930,82 |
| **Total Presupuesto de Ejecución Material** | **1.848.000,40** |
| I.V.A.10,00% s/ 1.848.000,40 | 184.800,04 |
| **Total Presupuesto de Ejecución por Administración** | **2.032.800,44** |

Ascende o orzamento de execución por administración á cantidade de DOUS MILLÓNS TRINTA E DOUS MIL OITOCENTOS EUROS CON CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (2.032.800,44 €).
O orzamento estimase adecuado a prezos de mercado. No encargo para efectos do IVE, resulta aplicable o tipo reducido do 10 % previsto no artigo 91. uno .3.1.º da Lei 37/1992, sempre que as obras teñan a natureza de execución de obra de construción ou rehabilitación, deriven de contrato directamente formalizado entre promotor e contratista, e o edificio destínese principalmente a vivenda.
No caso de centros de atención a maiores con aloxamento permanente, a doutrina da Dirección Xeral de Tributos admite que as residencias de maiores poden considerarse edificacións destinadas a vivenda cando constitúen a morada habitual dos usuarios, aínda cando nelas se presten servizos asistenciais. Para iso deberase acreditar que máis do 50 % da superficie construída se destina a uso residencial permanente.
Conclusión: si, o precepto é aplicable a centros de atención a maiores nos que os usuarios viven de forma permanente, sempre que se acredite que o edificio está destinado principalmente a vivenda e que se supera o limiar do 50 % de superficie construída residencial.

6. RESPONSABLE DO CONTRATO.

A Unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato será o Servizo de Arquitectura.
Proponse que se designe como responsable do contrato a Mónica Marras Mosquera, xefa do Servizo de Arquitectura.



| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 88/117 |

Á vista da necesidade e idoneidade do establecemento do ENCARGO DA DEPUTACIÓN DE LUGO AO SEU MEDIO PROPIO PERSONIFICADO PARA A EXECUCIÓN DOS TRABALLOS DE TERMINACIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A MAIORES DE A PONTENOVA, e posto que a Deputación Provincial de Lugo non dispón dos medios propios e recursos precisos para levar a cabo os traballos obxecto de contratación, SOLICÍTASE que se leven a cabo tódolos trámites que resulten necesarios para a contratación da prestación anteriormente indicada.

O Servicio de Arquitectura tamén informa que é necesario incluir o seguinte puento:

FORMA DE PAGO

O pago efectuarase contra factura mensual expedida de acordo coa normativa vixente, que coincidirá coa certificación correspondente ao porcentaxe de obra executada.
A factura deberá ser conformada polo responsable nomeado por parte de TRAGSA e polo responsable nomeado por parte da Deputación de Lugo.
Asemade coa última factura achegarase o acta de recepción das obras.
Cómpre indicar que segundo o recollido no artg. 20 do Real Decreto 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do Sector Público Local, os gastos que se recollen neste encargo estarán suxeitos á intervención da comprobación material da inversión.

Os informes do Servicio de Contratación de fachas 29 e 30 de xullo de 2026, que literalmente din:

Antecedentes:
1º.- Orde de inicio e memoria xustificativa, con CSV: IV76SIB33UVLZ7ETCBXC4IPRGY.
2º.- Orzamento do encargo a TRAGSA.

Consideracións xurídicas

PRIMEIRA.- En primeiro lugar procede analizar a posibilidade de que por parte da Deputación de Lugo poda facérselle o encargo a TRAGSA, co obxecto que nos ocupa.
A Deputación Provincial de Lugo ten, a efectos da Lei 9/2017 do 9 de novembro, de Contratos do Sector Publico ( LCSP en diante), a consideración de poder adxudicador, podendo segundo a potestade de auto organización, prevista no artigo 31 da citada LCSP, executar directamente prestacións propias dos contratos a través de entes que ostenten a condición de medio propio personificado segundo o estipulado no artigo 32 da LCSP.
Igualmente dita posibilidade ven amparada polo disposto na Disposición Adicional 24ª que establece que a Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E, M.P.



| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 89/117 |

(TRAGSA, en diante) e a súa filial TRAGSATEC son medios propios personificados e servizos técnicos da Administración Xeral do Estado, das Comunidades Autónomas, das Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, dos Cabidos e Consellos Insulares, das Deputacións Forais do País Vasco, das Deputacións Provinciais e das entidades do sector público dependentes de calquera delas que teñan a condición de poder adxudicador, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no punto 2º da letra d) do apartado 2 do artigo 32, e nas letras a) e b) do apartado 4 do mesmo artigo, e estarán obrigadas a realizar, con carácter exclusivo, os traballos que estes lles encomenden nas materias sinaladas nos apartados 4 e 5 desa Disposición Adicional 24ª da LCSP.
En canto ao cumprimento dos requisitos precisos para poder facelo encargo, é dicir:
a) Requisitos de control
b) Requisito da actividade
c) Exclusión do capital privado
d) Requisito de recoñecemento nos estatutos.
A referida disposición adicional segunda da LCSP, recolle que o capital social de TRAGSA será integramente de titularidade pública e que as Deputacións provinciais deberán participar no capital desta sociedade mediante a adquisición de accións.
Igualmente, o artigo segundo dos Estatutos de TRAGSA sinala que a Sociedade adquirirá a condición de medio propio personificado e servizo técnico das Deputacións Provinciais e as súas entidades dependentes, cando ditas Administracións se convertan en accionistas da Sociedade.
Pola súa parte o artigo dous bis dos citados Estatutos, continúa sinalando que cada accionista, conxuntamente cos demais accionistas, exercerá sobre a Sociedade un control análogo ao que exerce sobre os seus propios servizos.
No mesmo senso se pronuncia o Real Decreto 345/2025, de 22 de abril, polo que se desenvolve o réxime xurídico da Empresa de Transformación SA, S.M.E., M.P. (TRAGSA) e da súa filial
Tecnologías e Servicios Agrarios, SA, S.M.E., M.P.
O amparo legal para que a Deputación Provincial de Lugo use á empresa TRAGSA como medio propio acredítase mediante a Resolución da Presidencia do 13 de decembro de 2019, pola que se autoriza a compra dunha acción de TRAGSA, por parte do organismo provincial, que foi elevada a escritura pública o dia 17 de decembro do 2019, ante a Notaria de Madrid, dona María de las Mercedes Pérez Herreza. Foi ratificada dita Resolución por acordo do Pleno da Deputación de data 12 de abril de 2022.
Constátase así, o cumprimento de todos os requisitos descritos anteriormente, concluíndose:
"En consecuencia non existe obstáculo para encargar a actividade á empresa TRAGSA, ao encontrarse dentro das funcións previstas na D.A. 24, ap.1 e 4 da LCSP a arts 2) dos Estatutos da mercantil"
O artigo 4 do Real Decreto 345/2025, de 22 de abril, recolle a redacción xa establecida polo artigo 2 dos estatutos sociais de TRAGSA, establecendo que poderá realizarse un encargo ao medio propio no caso de contratos resoltos por causa non imputables á administración.




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 90/117 |

O artigo 86.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, recolle que as entidades do sector público institucional, poderán ser consideradas medios propios e servizos técnicos terán a consideración de medio propio e servizo técnico cando se acredite que, ademáis de dispoñer de medios suficientes e idóneos para realizar as prestacións no sector de actividade que se corresponda co seu obxecto social, de acordo coa súa norma ou acordo de creación se dea algunha das circunstancias seguintes:
a) Sexa unha opción máis eficiente que a contratación pública e resulte sostible e eficaz, aplicando criterios de rendabilidade económica.
b) Resulte preciso por razóns de seguridade pública ou de urxencia na necesidade de disponer dos bens ou servizos subministrados polo medio propio ou servizo técnico.
En función do criterio de oportunidade e de eficiencia, é urxente dispoñer do edificio pola necesidade de dar cumprimento aos compromisos adquiridos no convenio de colaboración asinado co Concello de A Pontenova, nun prazo de seis meses. Tendo en conta os retrasos na execución da obra, imputables ao anterior contratista, é necesario e urxente rematar a obra o antes posible, dada a finalidade da mesma. Tamén cómpre adoptar de maneira inmediata as medidas necesarias para evitar que se produzan deterioros no xa executado.

SEGUNDA.- Polo que se refire ao procedemento para a realización do encargo o art. 10 do Real Decreto 69/2019, do 15 de febreiro, dispón en relación coa preparación e formalización do encargo:
1. Las actuaciones obligatorias que les sean encargadas a TRAGSA o a su filial TRAGSATEC por los poderes adjudicadores estarán definidas, según los casos, en proyectos, memorias, pliegos u otros documentos técnicos y valoradas en su correspondiente presupuesto, conforme al sistema de elaboración del mismo a que se refieren los apartados 2, 3, 4 y 5 del artículo 6 de este real decreto.
2. Con carácter previo a la formalización del encargo y su comunicación a TRAGSA o TRAGSATEC, el poder adjudicador deberá haber aprobado los documentos a que se refiere el apartado 1 de este artículo y realizado los preceptivos trámites técnicos, jurídicos, presupuestarios y de control y aprobación del gasto.
3. El encargo deberá ser objeto de formalización en un documento que se publicará en la Plataforma de Contratación correspondiente en los supuestos previstos del artículo 63.6 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre. El documento de formalización establecerá el plazo de duración del mismo.
4. Ningún poder adjudicador podrá exigir a TRAGSA y TRAGSATEC iniciar la ejecución de ninguna actuación material sin encargo formal por parte del órgano competente para realizar el encargo.
5. El encargo de cada actuación obligatoria se comunicará formalmente por el poder adjudicador del encargo a TRAGSA o a su filial TRAGSATEC, adjuntando el documento de formalización a que se refiere el apartado 3 de este artículo, así como la memoria, pliegos, proyecto y presupuesto de ejecución para la Administración, todos ellos




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 91/117 |

firmados por el órgano competente y, previa autorización cuando proceda, de los órganos que se establezcan en la normativa vigente, y la justificación de la publicación del documento de formalización en la Plataforma de Contratación que corresponda por razón de la entidad que confiera el encargo.
6. En los encargos cuyo objeto pueda ser financiado total o parcialmente por Fondos Europeos o cualesquiera instrumentos financieros de la Unión Europea, la documentación de formalización del encargo deberá especificar el desglose que el poder adjudicador requiere a la Sociedad, de modo que tanto en las certificaciones de ejecución que emitan los directores de los trabajos, como en las facturas y documentos justificativos que expida el medio propio, exista el desglose suficiente que permita identificar los costes elegibles acorde con la legislación nacional y comunitaria de aplicación.
7. En la referida documentación deberá figurar, entre otros, la denominación del encargo, su objeto, el plazo de ejecución, las anualidades presupuestarias con sus correspondientes importes, los periodos de certificación o en su caso recepción que procedan y el cargo de la persona designada por el poder adjudicador que confiere el encargo como director de los trabajos.
8. La comunicación efectuada por el poder adjudicador encargando una actuación a alguna de las sociedades del grupo supondrá la orden para iniciarla.

TERCEIRO.- Polo que se refire ao órgano competente para a aprobación de acordo co disposto na Disposición adicional segunda. Competencias en materia de contratación en las Entidades Locales, correspóndelle ao Presidente, tendoo delegado na Xunta de Goberno Local.
Con base no exposto infórmase FAVORABLEMENTE o borrador de proposta relativa ao encargo da Deputación Provincial de Lugo á empresa TRAGSA da execución dos traballos de terminación do Centro de Atención a Maiores de A Pontenova, cun prazo de execución de 6 meses, en tanto se respecte o seguinte procedemento:
- Incorporación ao expediente de certificación emitida por TRAGSA relativa a suficiencia de estrutura e medios suficientes para realizar o encargo e que o importe das prestación parciais que o medio propio pode contratar con terceiros non excederá do 50% da contía do encargo.
- Incorporación ao expediente do proxecto reitor do encargo.
- Fiscalización da Intervención Xeral.
É canto procede informar
O Servicio de contratación e fomento emite informe complementario IV766CC2B35Z376MQYEGEQHCH4, do emitido polo Servizo de contratación e fomento, en data 29 de xullo de 2026, con CSV IV7663KN3PXT6VNK2ZAAOECSB4, relativo ao encargo da Deputación Provincial de Lugo á empresa TRAGSA da execución dos traballos de terminación do Centro de Atención a Maiores de A Pontenova:, que literalmente di:
En primeiro lugar se corrixen os seguintes erros de transcrición:
En "Antecedentes"
Onde di:
1º.- Orde de inicio e memoria xustificativa, con CSV: IV76SIB33UVLZ7ETCBXC4IPRGY.
Debe dicir:




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 92/117 |

DEPUTACIÓN DE LUGO

1º.- Orde de inicio e memoria xustificativa, con CSV IV7662XNLFOKTT5IQ5UDA5SDKQ.
En “Consideracións xurídicas” PRIMEIRA.- último párrafo:
Onde di:
En función do criterio de oportunidade e de eficiencia, é urxente dispoñer do edificio pola necesidade de dar cumprimento aos compromisos adquiridos no convenio de colaboración asinado co Concello de A Pontenova, nun prazo de seis meses. Tendo en conta os retrasos na execución da obra, imputables ao anterior contratista, é necesario e urxente rematar a obra o antes posible, dada a finalidade da mesma. Tamén cómpre adoptar de maneira inmediata as medidas necesarias para evitar que se produzan deterioros no xa executado.
Debe dicir:
En función do criterio de oportunidade e de eficiencia, é urxente dispoñer do edificio pola necesidade de dar cumprimento aos compromisos adquiridos no convenio de colaboración asinado co Concello de A Pontenova, nun prazo de doce meses. Tendo en conta os retrasos na execución da obra, imputables ao anterior contratista, é necesario e urxente rematar a obra o antes posible, dada a finalidade da mesma. Tamén cómpre adoptar de maneira inmediata as medidas necesarias para evitar que se produzan deterioros no xa executado.
Na CONCLUSIÓN:
Onde di:
Con base no exposto infórmase FAVORABLEMENTE o borrador de proposta relativa ao encargo da Deputación Provincial de Lugo á empresa TRAGSA da execución dos traballos de terminación do Centro de Atención a Maiores de A Pontenova, cun prazo de execución de 6 meses, en tanto se respecte o seguinte procedemento.
Debe dicir:
Con base no exposto infórmase FAVORABLEMENTE o borrador de proposta relativa ao encargo da Deputación Provincial de Lugo á empresa TRAGSA da execución dos traballos de terminación do Centro de Atención a Maiores de A Pontenova, cun prazo de execución de 12 meses, en tanto se respecte o seguinte procedemento.
Feitas as correccións de erros mencionadas, procede informar a maiores que se incorporaron ao expediente, polo Servizo de Arquitectura, os documentos que se solicitaban no informe favorable: - certificación emitida por TRAGSA relativa a suficiencia de estrutura e medios suficientes para realizar o encargo e que o importe das prestacións parciais que o medio propio pode contratar con terceiros non excederá do 50% da contía do encargo.
- informe de supervisión do proxecto técnico e acta de replanteo previa.
- Informe da xefa do Servizo de Arquitectura que manifesta o seguinte:
Poren, as obras recollidas neste documento están descritas tecnicamente no proxecto inicial é corresponden coas non executadas, e polo tanto, que non foron aboadas nas trinta e unha certificacións tramitadas e aboadas anteriormente a mercantil Construcciones Jesús Naray S.L. Isto permite que se poida seguir utilizando o




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 93/117 |

proxecto redactado inicialmente polo arquitecto Jesus Bouza Fernanzdez como documento técnico de referencia para o remate das obras do Centro de Atención a Maiores (CAM) de A Pontenova
É canto procede informar.

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar o encargo da Deputación Provincial de Lugo ao seu medio propio personificado e servicio técnico, Empresa de Transformación Agraria SA SME MP (TRAGSA) para a execución dos traballos de terminación do Centro de Atención a Maiores de A Pontenova supeditado á previa formalización do convenio. O encargo articúlase ao abeiro do previsto no artigo 32 da LCSP, ao tratarse dunha relación interna, dependente e subordinada que non ten a consideración xurídica de contrato.

**2º.-** Aprobar o gasto do encargo por importe de 2.032.800,44 € (IVE engadido), que se financiará conforme as seguintes anualidades:

| ANO | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | IMPORTE | DOCUMENTO CONTABLE |
|---|---|---|---|
| 2026 | 2315.62255 | 686.425,63 € | RC: 22026/23271 |
| 2026 | 2315.622 | 320.960,09 € | RC: 22026/23274 |
| 2027 | 2315.622 | 1.025.414,72 € | RC: 220269/351 |
| | | 2.032.800,44 € | |

Existe consignación orzamentaria nas aplicacións orzamentarias 2315.62255 e 2315.622 do vixente orzamento xeral para as cantidades sinalas na anualidade 2026.

A deputación adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2027 a cantidade anteriormente relacionada na aplicación sinalada.

**3º.-** Ordenar a execución dos traballos ao medio propio TRAGSA de acordo coas especificacións que obran no expediente.

**4º.-** Designar como responsable do encargo a Mónica Marras Mosquera, xefa do Servizo de Arquitectura".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO**




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 94/117 |

**NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2026.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

"Tendo en conta que a Xunta de Goberno, en sesión celebrada o pasado 27 de marzo de 2026 aprobou as bases e os modelos de solicitude que habían de rexer, no procedemento de concorrencia competitiva para concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actividades de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2026.

Tendo en conta que o extracto do acordo da Xunta de Goberno polo que se aproba a convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 077 do martes 7 de abril de 2026.

Tendo en conta que de conformidade co punto 9º "Avaliación das solicitudes" das Bases da convocatoria de subvencións de referencia: "Para tal efecto constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da avaliación das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instrutor consonte ao disposto no artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS)".

Tendo en conta que nesta convocatoria se presentaron as solicitudes incluídas nas listaxes que se acompañan, cuxos expedientes foron aceptados pola Comisión de Avaliación coa documentación que acompañan as solicitudes para participar na convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

Tendo en conta que para esta convocatoria os criterios empregados para a súa avaliación e valoración foron os recollidos na norma específica da convocatoria trala aprobación polo órgano competente.

Tendo en conta que, para estes efectos, achéganse dúas listaxes nas que inclúen os solicitantes propostos para cadansúa liña de subvencións prevista nas bases da convocatoria e que van rubricadas para o efecto.

Tendo en conta que con data 27 de xullo de 2026 constituíuse a Comisión de Avaliación, para informe de avaliación de solicitudes e formulación de proposta a través do órgano instrutor de concesión de subvencións e de desestimación das solicitudes que figuran como tal nas listaxes que se achegan e se anexan ao




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 95/117 |

expediente sen especificar valor económico, por non superaren o limiar mínimo da primeira fase da valoración ou non cumpriren os requisitos para poder ser beneficiario nesta convocatoria.

Tendo en conta que, finalmente, considerando o anteriormente exposto, as subvencións concedidas suman os seguintes totais, de acordo coas liñas de axudas previstas:

| LIÑA | IMPORTE |
|---|---|
| LIÑA 10.2 RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO | 120.0000,00 € |
| LIÑA 10.3 RESERVA DA BIOSFERA OS ANCARES LUCENSES | 70.000,00 € |
| TOTAL | 190.000,00 € |

Por todo o exposto,

O Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, en base a proposta da Comisión de Avaliación:

**1º.-** Aprobar a resolución provisional de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actividades de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2026, que se mencionan nas listaxes que se anexan, así como a desestimación das subvencións que así mesmo figuran nas respectivas listaxes, de acordo cos criterios reflectidos na base 9 da convocatoria, segundo a especificación que consta na acta da Comisión de Avaliación.

**2º.-** O presente acordo de carácter provisional terá carácter definitivo no caso de finalizar o trámite de audiencia sen que se formulen alegacións e procederase á publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.gal do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**3º.-** Notificar o presente acordo provisional aos interesados de acordo co previsto na base 10 da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo de resolución provisional no BOP, para presentar alegacións".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**12.- PROPOSTA SOBRE APROBACIÓN DE RENUNCIAS ÁS SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DESTINADAS A INVESTIMENTOS EN INSTALACIÓNS CULTURAIS E PARA EQUIPAMENTOS CULTURAIS, ANUALIDADE 2025.**




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 96/117 |

DEPUTACIÓN DE LUGO

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico, Normalización Lingüística, e Memoria Histórica, do seguinte teor:

"En relación cos expediente de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, celebrada o día 18 de novembro de 2025 onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 054, do día 7 de marzo de 2025, para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo, na anualidade 2025.

A Deputada Delegada que subscribe, propón:

Que pola Xunta de Goberno, se procede, se aproben as seguintes renuncias presentadas ante a Excma. Deputación Provincial de Lugo (na data e co n.º de rexistro que se reflicte):

| N.º EXPEDIENTE | ENTIDADE | CIF | IMPORTE SUBVENCIÓN | DENOMINACIÓN ACTUACIÓN | DATA E N.º REXISTRO |
|---|---|---|---|---|---|
| 2025/CCP_01/000495 | ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN SIMÓN DE LA CUESTA | G27200161 | 681,00 | ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO | 14/07/2026<br>2026RT014856 |
| 2025/CCP_01/000800 | ASOC CULTURAL CREARTE | G27408269 | 798,00 | COLOCACIÓN DE PORTA PARA ILLAMENTO NO LOCAL SOCIAL | 27/04/2026<br>2026RT009367 |
| 2026/PES_03/006013 | ASOC VECIÑAL CULTURAL – DEPORTIVA DONALBAI | G75800722 | 826,00 | ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO TÉCNICO | 25/04/26<br>2026RT009250 |
| 2025/CCP_01/000128 | FUNDACIÓN IMPULSO AO DEPORTE CULTURA TURISMO DA MARIÑA | G27404219 | 916,00 | ADQUISICIÓN DE EQUIPO FOTOGRÁFICO | 26/03/26<br>2026RT006536 |
| 2025/PES_03/0260016 | ASOCIACIÓN DE VECIÑOS FERREIRAVELLA | G44965846 | 916,00 | ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO | 26/12/25<br>2025RT021394 |
| 2025/PES_03/026020 | ASOCIACIÓN CULTURAL ANTARUXAS E SORTEIROS | G27029230 | 1.025,00 | ARRANXO LOCAL SOCIAL | 26/12/25<br>2025RT021403 |
| 2026/PES_03/001793 | ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE MOUCIDE | G27109248 | 1.079,00 | RESTAURACIÓN NA ESCOLA DE MOUCIDE | 29/01/26<br>2026RT001566 |
| 2025/CCP_01/000718 | FUNDACIÓN VAC-AN | G13669072 | 681,00 | ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO TÉCNICO | 31/03/26<br>2026RT00388 |




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 97/117 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 2025/CCP_01/000765 | ASOCIACIÓN CULTURAL CAMIÑO PRIMITIVO DE BALEIRA | G27477801 | 1.043,00 | ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO TÉCNICO E MOBILIARIO | 31/03/26<br>2026RT007502 |
| 2026/PES_03/006881 | CORAL POLIFÓNICA DE CHANTADA | V27029693 | 916,00 | ADQUISICIÓN DE GRADA PARA COROS E MATERIAL MUSICAL | 31/03/26<br>2026RT007525 |
| 2026/PES_03/009554 | APA DEL C.P. ANTONIO INSUA BERMÚDEZ | G27119833 | 844,00 | ADQUISICIÓN DE MATERIAL TÉCNICO E MOBILIARIO | 05/05/26<br>2026RT010107 |
| 2026/PES_03/009610 | APA DEL COLEGIO PÚBLICO FONDO NOIS | G27045129 | 771,00 | ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO TÉCNICO | 06/05/26<br>2026RT010157 |
| 2026/CCP_01/001004 | ASOCIACIÓN CULTURAL LEÑA VERDE DE POL | G27174986 | 1..116,00 | ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO TÉCNICO | 31/03/26<br>2026RT007473 |
| 2026/PES_03/006519 | OS GAIOLEIROS | G56645393 | 917,00 | ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO MUSICAL, TÉCNICO E MOBILIARIO | 28/03/26<br>2026RT007006 |

Todo ao que se lle da traslado aos efectos oportunos".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**13.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2025.**

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

"Vista a documentación obrante no expediente.

Visto o informe emitido polo Servizo de Deportes, do seguinte teor:

En relación á subvención concedida por importe de mil cincocentos cincuenta e cinco euros (1.555,00 €) a CLUB ANVIAR para BILLAR; mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 18 de xullo de 2025, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 2025, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 055 do sábado 08 de marzo de 2025, emite o seguinte, INFORME:

Primeiro. Que o CLUB ANVIAR presentou na sede electrónica da Deputación Provincial con data 29/03/26 23:07 e numero de expediente 2026/PES_03/006535 a conta xustificativa da subvención do procedemento de concorrencia competitiva, anualidade 2025, concedida para BILLAR, por acordo da Xunta de Goberno de data 18 de xullo de 2025.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 98/117 |

Segundo. Que de acordo co sinalado no punto 11º das Bases reguladoras do concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva na anualidade 2025, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo do día 28 de febreiro de 2025, entre a documentación esixida nas xustificacións de aboamento das subvencións atópanse:
ANEXO I: Instancia de conta xustificativa.
ANEXO II: Memoria detallada actuación xustificativa (conta xustificativa) sobre a realización da actividade e do cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención, con indicación da duración da actividade, incidencia social, competición/s na/s que se participou, categorías deportivas, datos deportivos da actividade, resultados obtidos, etc...
• Cadro de importes de financiamento.
• Declaración do custo total da actividade subvencionada.
• Cadro de orzamento inicial e custo total e declaración relativa á desviación producida.
ANEXO III: Declaración responsable relativa a:
Relación detallada das subvencións/ axudas ou patrocinios (con ou sen achega económica) obtidos doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade ou, se é o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade.
I. Que a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión.
II. Que a entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
III. Que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.
IV. Autorización ou non do representante legal da entidade para que a Deputación poida solicitar - fronte aos organismos correspondentes - os certificados de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica, Servizo de Recadación Provincial e a Seguridade Social).
V. Que o beneficiario ao que represento:
- asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)” dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
- non asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
VI. Que a execución da devandita actuación foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que, este extremo, se inseriu na publicidade de todas as




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 99/117 |

actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.
VII. Que incluíu a imaxe corporativa da área de deportes da Excma. Deputación Provincial e empregou o idioma galego en calquera comunicación ou publicación e en todos aqueles soportes que a entidade utilizou para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado.
VIII. Que no desenvolvemento da actividade non incluíu contidos ou publicidade que tácita ou implicitamente se puidesen considerar sexistas, discriminatorios, vexatorios ou que xustificasen, banalizasen ou incitasen á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.
IX. Que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
X. Que se deu cumprimento ao establecido no artigo 31.3 da LXS.
ANEXO IV:
Declaración responsable de relación clasificada de gastos e imputación de gastos da actuación subvencionada (custo total da actividade), con identificación do acredor e documento, importe, data de emisión, data de pagamento, descrición do gasto, así como as contías dos gastos imputados á subvención concedida.
No caso de relacionarse nóminas, deberán vir desglosadas, indicando salario líquido, Seguridade Social e IRPF.
OUTRA DOCUMENTACIÓN
• Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (xustificantes de gasto), incorporadas na relación clasificada de gastos e que se afecten á Deputación. Ao respecto:
- Deberán achegarse todos os xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida.
- Do resto xustificantes de gasto, deberá achegarse unha mostra que supoña a seguinte porcentaxe en función do número dos mesmos:
. Cando o número de xustificantes de gasto sexa menor ou igual a 10, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 10 % do importe da subvención concedida.
. Cando o número de xustificantes de gasto sexa entre 11 e 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 5 % do importe da subvención concedida.
. Cando o número de xustificantes de gasto sexa superior a 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 2 % do importe da subvención concedida.
No suposto de que o importe total dos xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida acade o importe total subvencionado non será necesario aportar ningunha mostra das sinaladas.
- No relativo aos gastos de combustible, as facturas de gasto deberán reflectir expresamente a matrícula do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.
• Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 100/117 |

xustificación da presente subvención, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ley 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.
A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.
Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo na data ________”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).
Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.
Respecto ao contido das facturas: éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).
A documentación obtida por banca electrónica (descargas de banca en liña) debe estar debidamente acreditada pola entidade bancaria correspondente nos casos en que o órgano xestor así o requira.
• Achegar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación (mostraxe), salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.
A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa. (Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (15.000,00 € -sen IVE- en servizos e subministracións).
• Certificados de estaren ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica e Servizo de Recadación Provincial) ou fronte á Seguridade Social. (De non constar autorización á Deputación para solicitalos e para importes superiores a 3.000,00 euros).




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 101/117 |

• O centro xestor deberá achegar xunto coa documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social (cando conste autorización á deputación para solicitalos e para importes de subvencións superiores a 3.000,00 euros). Non obstante, se é o caso, terase en conta o artigo 24.4 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, segundo o cal poderán acollerse á simplificación da acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social aquelas subvencións nas que a súa contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros.
Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o numero de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.
No seu caso, acreditación da titularidade do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.
No seu caso, declaración responsable de que os gastos de combustible de vehículo de titularidade acreditada da entidade solicitante, foron utilizados expresamente para o transporte dos elementos ou aparellos imprescindíbeis para a práctica da correspondente disciplina deportiva.

Terceiro. Que revisada a documentación xustificativa, con data 01/04/2026 14:28 e número de rexistro de saída 2026RPS004991, e de acordo co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, formulouse requirimento de emenda de conta xustificativa, para que a entidade beneficiaria no prazo de 10 días, a contar dende o día seguinte a recepción do referido requirimento, emendase e/ou presentase a seguinte documentación:
• ANEXO I INSTANCIA.
◦ O custo total é incorrecto (2454,65 €)
• ANEXO II MEMORIA XUSTIFICATIVA.
◦ Punto III:
▪ Debe indicar a causa da desviación tendo en conta os conceptos e importes indicados no orzamento presentado na solicitude de subvención (anexo 3)

Cuarto. Que en aplicación do artigo artigo 41.1, da Lei 39/2015, que prevé que as notificacións se practicarán preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o interesado resulte obrigado a recibilas por esta vía, consta no expediente electrónico o envío de notificación de emenda de conta xustificativa de data 01/04/2026 14:28, rexeitada automaticamente con data 12/04/2026 00:10:08.

Quinto. Que con data 11/05/2026 12:41:33 e número de expediente 2026/PES_03/006535, e por tanto dentro do fóra de 10 días previsto no referido requirimento, a entidade CLUB ANVIAR presentou documentación relativa ao requirimento de emenda de conta xustificativa formulado. E considerando que malia que a referida documentación se achegou fóra do prazo de dez días previsto no requirimento formulado, tal achega de documentación produciuse antes de que se




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 102/117 |

procedese a tramitar e notificar a resolución na que se tivese por transcorrido o mencionado prazo, en aplicación do art. 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e que por tanto ha de terse en conta para a continuación do trámite.

Sexto. Que informada a conta xustificativa de acordo á documentación emendada con data 20/05/2026 09:46:09 o servizo de Intervencion emite o seguinte: Solicitase informe do servizo sobre o importe da desviación.
Que a desviación producida entre o custo total (2454,65 €) e o orzamento formulado na solicitude (5350,00 €) é de 2895,35 €.

Sétimo. Con data 19/06/2026 22:25:40 a entidade beneficiaria CLUB ANVIAR achega documento federativo relativo aos resultados deportivos do citado club na tempada 2024-2025 de acordo e segundo "os datos facilitados" e "na liga que levaron a cabo"; e por tanto de actividade organizada polo propio club e correspondente a unha liga local.
Que segundo o punto 1 das bases reguladoras desta convocatoria, Definición do obxecto: Axudas destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo (enténdase con sede e /ou delegación na provincia) que desenvolvan a súa participación en competicións organizadas polas respectivas federacións deportivas oficiais das disciplinas deportivas recoñecidas oficialmente polo Consello Superior de Deportes de acordo coa listaxe que se relaciona no ANEXO A destas bases e cuxa finalidade é promover os valores do deporte dende a base e que desenvolvan a actividade competitiva e deportiva para a que solicitan a axuda na provincia de Lugo, sen prexuízo, no seu caso, da respectiva estrutura e distribución xeográfico-deportiva de cada unha das distintas categorías, campionatos e competicións de cadansúa federación deportiva.

Oitavo. En consecuencia, á vista da documentación federativa achegada pola entidade beneficiaria para a aclaración da desviación producida, constataríase que a actividade competitiva desenvolta pola entidade beneficiaria se correspondería cunha "liga local" e non cunha competición organizada pola respectiva federación deportiva oficial, independentemente de que de ser precisa, contase coa autorización que correspondese. E que por tanto, de acordo á documentación presentada, a entidade beneficiaria non acreditaría a participación en actividade competitiva organizada pola federación respectiva, o que implicaría o incumprimento do obxecto da axuda concedida.

Noveno. Que en consecuencia e de acordo co previsto na base 12. Prazos de xustificación das bases da convocatoria para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2025, na que se prevé que a falta de presentación da xustificación poderá implicar a




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 103/117 |

perda do dereito ao cobro da subvención previo tramite do correspondente expediente.

Decimo. Que por acordo da Xunta de Goberno de data 03 de xullo de 2026 se acorda o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito e a apertura do respectivo trámite de audiencia, para que no prazo de dez (10) días poida examinar e coñecer a totalidade do expediente e presentar as alegacións que considere oportunas.

Decimo primeiro. Que con data 06/07/2026 11:23 e numero de rexistro de saída 2026RPS009932 e de acordo co previsto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, notificouse o referido acordo de Xunta de Goberno de 03 de xullo de 2026 de apertura do trámite de audiencia, para que no prazo de 10 días, a contar dende o día seguinte a recepción presentase as alegacións que considere oportunas, e do que consta recepción electrónica asinada por parte do beneficiario de data 12/07/2026 14:05:23.

Decimo segundo. Que transcorrido o prazo previsto no referido requirimento non consta no servizo de Deportes a presentación de documentación e/ou alegacións polo beneficiario CLUB ANVIAR no referido prazo de tramite de audiencia.

Por todo o exposto, e a xuízo do informante, cumpridos os trámites previstos e o tramite de audiencia ao interesado, procede tramitar a declaración de perda do dereito ao cobro total da subvención concedida a CLUB ANVIAR por importe de mil cincocentos cincuenta e cinco euros (1.555,00 €) para BILLAR, mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 18 de xullo de 2025, polo que se resolve o concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva na anualidade 2025, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 055 do sábado 08 de marzo de 2025.

O Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

Declarar a perda do dereito ao cobramento total da subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 18 de xullo de 2025, polo cal se resolve o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2025, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 055 do sábado 08 de marzo de 2025".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 104/117 |

DEPUTACIÓN DE LUGO

**14.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUNHA ADMINISTRATIVA DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Visto que dona Rosa María Corral López, cumpre 65 anos de idade o día 14 de setembro de 2026 e que a citada data terá recoñecidos 44 anos, 4 meses e 14 días de servizos pres-tados nesta Deputación provincial, o día 14 de setembro de 2026, data previsible de xubilación forzosa, acreditando, segundo informe de vida laboral, un período de cotización á Seguridade Social, superior aos 38 anos e tres meses e que a citada funcionaria non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Tendo en conta as consideracións de dereito que se recollen no informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos, do teor seguinte:
" O artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia establece:
"1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:
a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.
[…].
3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida
(…)".

Artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa:
"1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:
a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.
[…].
3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.
(…)".
4.- Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que prevexa as normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade".




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 105/117 |

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:
"As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

| Ano | Períodos cotizados | Idade esixida |
|---|---|---|
| 2026 | 38 anos e tres meses ou máis | 65 anos. |
| | Menos de 38 anos e tres meses | 66 anos e 10 meses |

[...]".

Á vista dos considerandos anteriormente sinalados e tendo presente que dona Rosa María Corral López terá acreditado, á data do 14 de setembro de 2026, na que cumpre os 65 anos de idade, un período de cotización superior aos 38 anos e tres meses e non tendo solicitado a prolongación de permanencia no servio activo.

Tendo en conta cando antecede, na miña condición de Deputada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte ACORDO:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida da funcionaria provincial, dona Rosa María Corral López con efectividade do día 14 de setembro de 2026, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**15.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE EXCEDENCIA VOLUNTARIA POR INTERESE PARTICULAR DUN/DUNHA "TÉCNICO/A XESTIÓN" DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Visto escrito presentado por D.ª María de los Ángeles Pereira Fernández, de data día 1 de xuño de 2026, no que solicita que se lle conceda a excedencia voluntaria por prestación de servizo son sector público, con efectos da data de toma de posesión no Concello de Lugo, respecto da praza que ocupa na Deputación de Lugo.




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 106/117 |

Tendo en conta que con data de Rexistro de Entrada nesta Entidade, o día 2 de xullo de 2026, presentou Acta da Toma de Posesión como Funcionaria Interina do Concello de Lugo para desempeñar praza de Técnica Media de Xestión, e que tomou posesión dela con efectos do día 4 de xullo de 2026.

Tendo en conta o informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos, que sinala textualmente:

"II. NORMATIVA DE APLICACIÓN
-Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, poio que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, poio que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto Básico do Empregado Público.
-Real Decreto 365/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Situacións Administrativas dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado.
-O artigo 29.3.a) da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a Reforma da Función Pública.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

III. CONSIDERACIÓNS TÉCNICA E XURÍDICAS
1. O artigo 140.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, establece as situacións administrativas nas que se poden atopar os funcionarios de carreira das Entidades Locais:
"1. As situacións en que poden acharse os funcionarios de carreira da Administración local serán as seguintes:
a) Servizo activo.
b) Servizo en Comunidades Autónomas.
c) Excedencia forzosa ou voluntaria.
d) Servizos especiais.
e) Suspensión".
O artigo 140.2 desta mesma disposición establece o seguinte:
"As ditas situacións regularanse pola normativa básica estatal, e pola lexislación de función pública de respectiva Comunidade Autónoma e, supletoriamente, pola lexislación dos funcionarios de Administración do estado, téndose en canta as peculiaridades do réxime local".

2. O Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), que ten a consideración de normativa básica estatal de función pública, é a vixente norma que desenvolve o previsto no artigo 103 da Constitución Española, no que se establece que por Lei regularase o estatuto dos funcionarios públicos. Tanto na súa exposición



| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 107/117 |

de motivos como no seu artigo 1 declárase que o EBEP ten por obxecto "establecer as bases do réxime estatutario dos funcionarios públicos induídos no seu ámbito de aplicación". Dentro do dito texto legal, as situacións administrativas do persoal funcionario veñen recollidas no seu Título VI (artigos 85 a 91).
Neste senso, o artigo 85 recolle as situacións administrativas dos funcionarios de carreira, sendo as seguintes:
1. Los funcionarios de carrera se hallarán en alguna de las siguientes situaciones:
a) Servicio activo.
b) Servicios especiales.
c) Servicio en otras Administraciones Públicas.
d) Excedencia.
e) Suspensión de funciones.
En concreto o artigo 89.2 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, prevé que poderá concederse a excedencia voluntaria aos funcionarios cando o soliciten por interese particular, sendo preciso prestar servizos efectivos en calquera das Administracións Públicas durante o cinco anos inmediatamente anteriores, e nela non se poderá permanecer menos de dous anos continuados, segundo dispón o artigo 16 do Regulamento de Situacións Administrativas dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 365/1995, de 10 de marzo.

3. O Real Decreto 365/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Situacións Administrativas dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado. Recolle o seguinte:
“Artigo 16. Excedencia voluntaria por interés particular.
1. A situación de excedencia voluntaria por interese particular declararase a pedimento do funcionario ou, de oficio, nos supostos establecidos regulamentariamente.
2. Para solicitar a declaración da situación de excedencia voluntaria por interese particular será preciso prestar servizos efectivos en calquera das Administracións Públicas durante os cinco anos inmediatamente anteriores á solicitude.
3. Cada período de excedencia terá unha duración non inferior a dous anos continuados nin superior a un número de anos equivalente aos que o funcionario acredite prestar en calquera das Administracións Públicas, cun máximo de quince.
4. Nas resolucións polas que se declare esta situación expresarase o prazo máximo de duración da mesma. A falta de petición de reingreso ao servizo activo dentro do devandito prazo comportará a perda da condición de funcionario.
5. A concesión desta excedencia quedará, en todo caso, subordinada ás necesidades do servizo. Non poderá declararse a solicitude do funcionario cando ao mesmo instrúaselle expediente disciplinario.
Cando o funcionario pertenza a un Corpo ou Escala que teña reservados postos en exclusiva, darase coñecemento das resolucións de concesión de excedencia voluntaria por interese particular ao Ministerio a que estea adscrito devandito Corrpo ou Escala.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 108/117 |

6. A solicitude de reingreso ao servizo activo condicionada a postos ou municipios concretos de funcionarios procedentes desta situación non interromperá o cómputo do prazo máximo de duración da mesma".

4. Artigo 15. Excedencia voluntaria por prestación de servizos no sector público.
"Procederá declarar, de oficio ou a instancia de parte, na situación regulada neste artigo aos funcionarios de carreira que se atopen en servizo activo noutro corpo ou escala de calquera das Administracións públicas, salvo que obtivesen a oportuna compatibilidade, e aos que pasen a prestar servizos como persoal laboral fixo en organismos ou entidades do sector público e non les corresponda quedar nas situacións de servizo activo ou servizos especiais. O desempeño de
postos con carácter de funcionario interino ou de persoal laboral temporal non habilitará para pasar a esta situación administrativa".

5. No que fai referencia á lexislación propia da Comunidade Autónoma de Galicia, a regulación legal das distintas situacións administrativas está recollida no Título VIII da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigos 164 a 182), na que se describen os mesmos tipos de situacións que refire tanto a normativa de réxime local como as que se recollen na normativa básica estatal xa aludidas nos apartados anteriores.
Concretamente no artigo 173 da Lei de Emprego Público de Galicia, recóllese o seguinte:
". 1. O persoal funcionario de carreira pode obter a excedencia por interese particular cando prestase servizos efectivos en calquera das administracións públicas durante un período mínimo de tres anos inmediatamente anteriores á solicitude. Para reingresar no servizo activo será preciso permanecer nesa situación polo menos un ano.
2. A concesión da excedencia por interese particular queda subordinada ás necesidades do servizo debidamente motivadas. Non pode declararse cando ao persoa funcionario instrúaselle expediente disciplinario.
3. Así mesmo, o persoal funcionario de carreira será declarado na situación de excedencia por interese particular:
a) Cando non tome posesión no prazo establecido dun posto de traballo adxudicado por concurso ou por libre designación, nos supostos e termos que regulamentariamente se determinen.
b) Cando se atope ao dispor do órgano competente ou adscrito provisionalmente a un posto de traballo e incumpra as obrigacións establecidas no apartado quinto do artigo 97.
c) Cando, finalizada a causa que determinou o pase a unha situación administrativa distinta á de servizo activo, incumpra a obrigación de solicitar o reingreso ao servizo activo nos prazos previstos por esta lei.




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 109/117 |

4. As persoas que se achen en situación de excedencia por interese particular non devindicarán retribucións, nin será computable o tempo que permanezan na mesma a efectos de ascensos, trienios e dereitos no réxime de Seguridade Social que sexa de aplicación.
(...)"
5. Artículo 178. Reingreso ao servicio activo.
1. Finalizada a causa que determinou a declaración dunha situación de excedencia voluntaria das reguladas neste capítulo ou o prazo máximo de duración dela, o PERSOAL funcionario de carreira está obrigado a solicitar o reingreso ao servizo activo no prazo dun mes, excepto no suposto previsto no artigo 176.9. Unha vez acordado o reingreso, está igualmente obrigado a tomar posesión do correspondente posto de traballo no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se lle notifique o reingreso. O incumprimento destas obrigacións determinará a declaración na situación de excedencia voluntaria por interese particular.
2. O reingreso ao servizo activo do privado funcionario de carreira que non teña reservado o posto de traballo efectuarase mediante a participación nas convocatorias de concurso ou de libre designación para a provisión de postos de traballo.
3. Así mesmo, o reingreso ao servizo activo poderá efectuarse por adscrición provisional a un posto de traballo, de acordo coas necesidades do servizo e sempre que se reúnan os requisitos esixidos para ocupar o posto, nos termos regulados polo artigo 97.

IV. CONCLUSIÓNS
De acordo con todo o anteriormente exposto, non se observa obstáculo legal para que pola Deputada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, se propoña á Xunta de Goberno, para que , en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro de 2020), adopte acordo para se que declare á funcionaria provincial en situación de excedencia voluntaria por interese particular, na praza 879 de Técnico de Xestión do cadro de persoal desta entidade, na cal deberá permanecer por un período mínimo un ano de acordo co artigo 173 da Lei 2/2015, de 2 de abril , de emprego público de Galicia ,e atendendo as limitacións impostas polo artigo15 do RD 365/1955. O prazo dun ano empezará a contar dende o 4 de xuño de 2026,posto que o cese efectivo na entidade provincial produciuse o 3 de xuño de 2026".

Á vista do que antecede e dos informes dos servizos, na miña condición de Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), ACORDE:

Declarar funcionaria provincial en situación de excedencia voluntaria por interese particular, na praza 879 de Técnico de Xestión do cadro de persoal desta entidade, na cal deberá permanecer por un período mínimo un ano de acordo co artigo 173 da Lei




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 110/117 |

2/2015, de 2 de abril , de emprego público de Galicia ,e atendendo as limitacións impostas polo artigo15 do RD 365/1955. O prazo dun ano empezará a contar dende o 4 de xuño de 2026,posto que o cese efectivo na entidade provincial produciuse o 3 de xuño de 2026.

O réxime de reingreso será conforme o artigo 178.1 e 178.2 da Lei 2/2015, de 2 de abril, de Emprego público de Galicia".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**16.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE SERVIZOS ESPECIAIS DUN TÉCNICO ADMINISTRACIÓN XERAL, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EN EXCEDENCIA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO SECTOR PÚBLICO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"A Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 8 de marzo de 2019 acordou declarar ao funcionario provincial, Don Javier Arias Fouz, en situación de Excedencia por prestación de servizos no sector público, conforme ao establecido na normativa vixente, e con data de efectividade do día 27.02.2019.

Visto que con data 6 de xullo de 2026, tivo entrada a través da Oficina de Rexistro Xeral Telemático da Deputación Provincial de Lugo (n.º 2026RT014306) escrito de Don Javier Arias Fouz, funcionario de carreira da Entidade solicitando que se lle declare en situación administrativa de servizos especiais .

Tendo en conta o informe do Servizo de Recursos Humanos do 28.07.2026 e Asistencia a Concellos, que sinala textualmente:

"II. NORMATIVA DE APLICACIÓN
Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, poio que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, poio que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto Básico do Empregado Público.
- Real Decreto 365/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Situacións Administrativas dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado.
-Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

3.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 111/117 |

1º.-O artigo 140.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, establece as situación administrativas nas que se poden atopar os funcionarios de carreira das Entidades Locais:

"1. As situacións en que poden acharse os funcionarios de carreira da Administración local serán as seguintes:

a) Servizo activo.

b) Servizo en Comunidades Autónomas.

c) Excedencia forzosa ou voluntaria.

d) Servizos especiais.

e) Suspensión".

O artigo 140.2 desta mesma disposición establece o seguinte:

"As ditas situacións regularanse pola normativa básica estatal, e pola lexislación de función pública de respectiva Comunidade Autónoma e, supletoriamente, pola lexislación dos funcionarios de Administración do estado, téndose en canta as peculiaridades do réxime local".

2º.- O Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), que ten a consideración de normativa básica estatal de función pública, é a vixente norma que desenvolve o previsto no artigo 103 da Constitución Española, no que se establece que por Lei regularase o estatuto dos funcionarios públicos. Tanto na súa exposición de motivos como no seu artigo 1 declárase que o EBEP ten por obxecto "establecer as bases do réxime estatutario dos funcionarios públicos induídos no seu ámbito de aplicación". Dentro do dito texto legal, as situacións administrativas do persoal funcionario veñen recollidas no seu Título VI (artigos 85 a 91).

3°.- O Real Decreto 365/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Situacións Administrativas dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado. Recolle o seguinte:

"Para declarar o pase á situación de servizos especiais no suposto do apartado j) do artigo 29.2 da Lei 30/1984 será necesario ser nomeado para o desempeño no sector público dun cargo de carácter político, entendendo por tal o cargo de confianza que non implique unha relación profesional de carácter permanente, do que se derive incompatibilidade para exercer a función pública e que, conforme aos criterios que estableza o Ministerio para as Administracións Públicas, conleve responsabilidades directivas ou asesoramento a nivel político".

4º.- No que fai referencia á lexislación propia da Comunidade Autónoma de Galicia, a regulación legal das distintas situacións administrativas está recollida no Título VIII da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigos 164 a 182), na que se describen os mesmos tipos de situación que refire tanto a normativa de réxime local como as que se recollen na normativa básica estatal xa aludidas nos apartados anteriores.




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 112/117 |

Concretamente no artigo 167 da Lei de Emprego Público de Galicia, recóllese o seguinte:

"O persoal funcionario de carreira será declarado en situación de servizos especiais:

a) Cando adquira a condición de persoal funcionario ao servizo de organizacións internacionais.

b) Cando sexa autorizado para realizar unha misión por período determinado superior a seis meses en organismos internacionais, gobernos ou entidades públicas estranxeiras ou en programas de cooperación internacional.

c) Cando sexa designado membro do Goberno, do Consello da Xunta ou dos órganos de goberno das demais comunidades autónomas ou das cidades de Ceuta e Melilla, membro das institucións da Unión Europea ou das organizacións internacionais, ou sexa nomeado alto cargo das citadas administracións públicas ou institucións.

d) Cando sexa nomeado para desempeñar postos ou cargos en organismos públicos ou entidades dependentes ou vinculados ás administracións públicas que, de conformidade co que estableza a respectiva Administración pública, estean asimilados no seu rango administrativo a altos cargos.

e) Cando acceda á condición de deputado ou senador das Cortes Xerais, deputado do Parlamento de Galicia ou membro das asembleas lexislativas das demais comunidades autónomas, se percibe retribucións periódicas pola realización da función. Aquelas persoas que perdan dita condición por disolución das correspondentes cámaras ou finalización do mandato das mesmas poderán permanecer na situación de servizos especiais até a súa nova constitución.

Nos casos previstos nesta letra, cando non se perciban retribucións periódicas poderá optarse entre permanecer na situación de servizo activo ou pasar á de servizos especiais, sen prexuízo da normativa sobre incompatibilidades aplicable aos deputados e senadores das Cortes Xerais, deputados do Parlamento de Galicia e membros das asembleas lexislativas das demais comunidades autónomas.

f) Cando desempeñe cargos electivos retribuidos e con dedicación exclusiva nas asembleas das cidades de Ceuta e Melilla e nas entidades locais, cando desempeñe responsabilidades de órganos superiores e directivos locais, e cando desempeñe responsabilidades de membros dos órganos locais para o coñecemento e a resolución das reclamacións económico-administrativas. Exceptúase ao persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter estatal que desempeñe postos de traballo reservados ao mesmo, o cal se rexerá pola súa normativa específica, quedando na situación de servizo activo.

g) Cando sexa designado para formar parte do Consello Xeral do Poder Xudicial ou dos consellos de xustiza das comunidades autónomas.

h) Cando sexa elixido ou designado para formar parte dos órganos constitucionais, dos órganos estatutarios da Comunidade Autónoma de Galicia ou das demais comunidades autónomas, ou doutros cuxa elección corresponda ao Congreso dos Deputados, ao Senado, ao Parlamento de Galicia ou ás asembleas lexislativas das demais comunidades autónomas. No suposto do Consello da Cultura Galega, a




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 113/117 |

situación de servizos especiais corresponderá unicamente ao presidente do órgano, no seu caso.
i) Cando sexa adscrito aos servizos do Tribunal Constitucional, do Defensor do Pobo ou do Valedor do Pobo, ou destinado ao Tribunal de Contas nos termos previstos no apartado terceiro do artigo 93 da Lei 7/1988, de 5 de abril, ou norma que o substitúa.
j) Cando desempeñe un posto de traballo de carácter directivo no Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia.
k) Cando sexa designado para asesorar aos grupos parlamentarios das Cortes Xerais, do Parlamento de Galicia ou das asembleas lexislativas das demais comunidades autónomas.
l) Cando sexa designado como persoal eventual para realizar funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial e non opte por permanecer na situación de servizo activo.
m) Cando, tratándose de persoal funcionario dos corpos docentes ou das escalas nas que se ordena a función pública docente, sexa nomeado para desempeñar un posto nas áreas funcionais de alta inspección de educación.
n) Cando sexa activado para prestar servizos na condición de reservista voluntario nas forzas armadas".

Doutra banda os artigos 168 e 169 da citada Lei establecen:
"Na situación de servizos especiais percibiranse as retribucións do posto ou cargo que se desempeñe e non as que correspondan como persoal funcionario de carreira, sen prexuízo do dereito a percibir os trienios que se teñan recoñecidos en cada momento.

O tempo que se permaneza na situación de servizos especiais compútase como prestado no posto de orixe a efectos de ascensos, recoñecemento de trienios, promoción interna e dereitos no réxime da Seguridade Social que sexa de aplicación, excepto no caso do persoal funcionario que ingrese ao servizo das institucións da Unión Europea ou de entidades e organismos asimilados e exerza o dereito de transferencia establecido no Estatuto do persoal funcionario das Comunidades Europeas".

"As persoas que cesen na situación de servizos especiais teñen dereito a reingresar ao servizo activo no mesmo posto de traballo que ocupen con anterioridade con carácter definitivo, se este se obtivo mediante concurso.

Cando o posto de traballo se houbese obtido polo procedemento de libre designación, o dereito ao reingreso farase efectivo nun posto de traballo axeitado ao seu corpo ou escala na mesma localidade e nas mesmas condicións e coas retribucións correspondentes á progresión alcanzada na carreira profesional, respectándose en todo caso o grao de progresión que se alcanzou naquela.
As persoas nomeadas para os postos ou cargos enunciados nas letras c) e d) do artigo 167 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia que reingresen ao servizo activo percibirán, en todo caso, un complemento de posto de traballo non inferior en máis dun nivel, ou tramo equivalente, ao que correspondese ao posto que ocupaban cando pasaron á situación de servizos especiais.




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 114/117 |

No caso de que non estivesen a ocupar un posto de traballo cando foron declarados na situación de servizos especiais, terase en conta o último posto que desempeñaron con carácter definitivo na Administración na que reingresen.

O reingreso ao servizo activo deberá solicitarse no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao do cesamento na situación de servizos especiais. O incumprimento desta obrigación determinará a declaración na situación de excedencia por interese particular.

A Administración estará obrigada a asignar un posto de traballo no prazo dun mes desde a presentación da solicitude de reingreso ao servizo activo.

IV.- CONCLUSIÓNS

Á vista do que antecede, non se observa obstáculo legal para que pola Deputada Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, se formule proposta para que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte ACORDO:
1º.-Declarando ao funcionario provincial, D Javier Arias Fouz na situación de servizos especiais polo desempeño do posto de Director Xeral de Urbanismo no Concello de Lugo con efectividade do 8 de xuño de 2026, data na que tomou posesión do mesmo".

Á vista do que antecede e dos informes dos servizos, na miña condición de Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), ACORDE:

**1º.-** Declarar ao funcionario provincial, D Javier Arias Fouz na situación de servizos especiais polo desempeño do posto de Director Xeral de Urbanismo no Concello de Lugo con efectividade do 8 de xuño de 2026, data na que tomou posesión do mesmo".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**17.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO 170/2026.**

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:




| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 115/117 |

“Visto o Oficio remitido polo Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº2 de Lugo, polo que, entre outras cuestións, se solicita a esta entidade, o expediente administrativo en relación co PROCEDEMENTO ABREVIADO 00000170/2026 seguido a instancia de J***** L***** E***** S***** contra “la desestimación por silencio administrativo de la Reclamación de Responsabilidad Patrimonial por la cantidad de 2800€ presentada por mi patrocinada en fecha 31/7/2025 contra LA DIPUTACION DE LUGO” .

Visto o anterior, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** A comparecencia desta entidade no devandito procedemento a través dos letrados da Asesoría Xurídica Provincial.

**2º.-** A remisión do expediente administrativo ao Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº2 de Lugo pola unidade administrativa encargada da súa elaboración nos termos requiridos polo Tribunal.

**3º.-** O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 18.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

***1º.- Dación de conta do Decreto nº32/26 ditado no PA 82/2026.***

Dase conta do Decreto nº32/2026, de data 25 de xuño, ditado polo Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº2 de Lugo no PO 0000082/2026.

No Procedemento Ordinario 0000082/2026 seguido a instancia de F***** G***** L***** fronte á Deputación en materia de responsabilidade patrimonial o Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº2 de Lugo ditou o Decreto nº 32/2026, en data 25 de xuño, cuxa parte dispositiva é a seguinte:

“ACUERDO:
- Tener por DESISTIDO al recurrente FIDEL GUTIERREZ LOPEZ declarando la terminación de este procedimiento.
- Firme la presente resolución, archivar las actuaciones. “

Vista a Dilixencia de Ordenación de data 14 de xullo de 2026 do citado Tribunal no que acorda a firmeza do devandito Decreto de 25 de xuño de 2026.

O anteriormente exposto, ponse en coñecemento desa Xunta de Goberno aos efectos oportunos. A Xunta de Goberno queda enterada.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 116/117 |

***2º.- Dación de conta da Sentenza ditada no PA 373/2025.***

Dase conta da Sentenza nº 108/2026, de 29 de xuño, ditada polo Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº2 de Lugo no Procedemento Abreviado 0000373/2025

No PROCEDEMENTO ABREVIADO 0000373/2025 seguido a instancia de D***** G***** B***** fronte ao seguinte acto administrativo "Desestimación presunta por silencio administrativo de la reclamación previa de responsabilidad patrimonial presentada por el demandante el día 13 de diciembre de 2024 en relación con los daños provocados por el siniestro acaecido el 2 de febrero de 2023 en la carretera LU-P-6302 de O Calvario a O Vilar, LU-152, sentido descendente". o Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº2 de Lugo ditou a Sentenza nº 108/2026, de 29 de xuño, cuxo fallo é o seguinte:

"Que debo DESESTIMAR y DESESTIMO el recurso contenciosoadministrativo interpuesto por la representación procesal de DIEGO GARCÍA BASANTA, frente a la DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO y contra MAPFRE ESPAÑA, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., seguido como PROCEDIMIENTO ABREVIADO número 373/2025 contra la resolución presunta objeto de impugnación.
Con expresa imposición de costas a la parte demandante hasta la cifra máxima de doscientos euros (más impuestos) en concepto de honorarios del Letrado de la Administración demandada y del Letrado de la aseguradora codemandada.
Notifíquese esta Sentencia a las partes haciéndoles saber que es firme y contra la misma no cabe interponer recurso ordinario alguno".

Visto o anterior, así como o Oficio de data 21 de xullo de 2026 ditado polo citado Tribunal que acorda a firmeza da devandita Sentenza, ponse en coñecemento desa Xunta de Goberno ós efectos oportunos. A Xunta de Goberno queda enterada.

**19.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

**A PRESIDENTA**

**O SCRETARIO,**
**P.S. A SECRETARIA-INTERVENTORA,**




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Fecha y Hora | 04/08/2026 17:55:49 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRIGUEZ DIAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV767TAJLJOLWWP7WMMAIZDOL4 | Página | 117/117 |